PXA

2019/2020

Concello: ***BOIRO*** *Código de Centro:* ***15001502***

Director **Secretaria**

J. Gustavo Romero García **Sesa Novo Boo**

Aprobado en Claustro e en Consello Escolar nas xuntanzas do 15/10/2018.

Enviado á inspección educativa o día 18/10/2018.

CEIP Santa Baia
Avda. de Compostela 48 - 15930 - Boiro (A Coruña)
Tel.: 881866595| E-mail: ceip.santabaia@edu.xunta.es
www.santabaia.es

ÍNDICE

		Páxs.
1.-	Datos xerais e horario do Centro	**2**
2.-	Obxectivos específicos	**4**
3.-	Concreción anual do PEC	**5**
4.-	Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEE	**6**
5.-	Cadro de organización pedagóxica	**8**
6.-	Plan de actuación do equipo directivo	**9**
7.-	Plan de actuación dos órganos colexiados	**10**
8.-	Órganos de coordinación docente	**12**
9.-	Quendas de vixilancia	**28**
10.-	Formación do profesorado	**31**
11.-	Libros de texto	**32**
12.-	Programa anual de actividades complementarias e extraescolares	**33**
13.-	Plan de autoprotección de Centro	**44**
14.-	Persoal non docente	**45**
15.-	Potenciación das relacións coas familias	**46**
16.-	Transporte escolar	**47**
17.-	Comedor escolar	**47**
18.-	Plan de utilización das instalacións do Centro	**48**
19.-	Plan xeral de avaliación do Centro	**48**
20.-	Plan anual de lectura	**49**
21.-	Seguimento e avaliación da actividade do auxiliar de conversa	**52**
22.-	Concreción do Plan de Convivencia	**52**
23.-	Avaliación individualizada de terceiro e sexto de primaria	**52**
	Anexos:	**53**
	Anexo I. Plan anual do departamento de orientación	
	Anexo II. Plan de igualdade	
	Anexo III. Información Espazo Familias Boiro	
	Anexo IV. Proxectos nos que participa o Centro	
	Anexo V. Contratos-Programa	

1.- DATOS XERAIS DO CENTRO

Código: 15021500
Nome: CEIP Santa Baia
Dirección: Avda. Compostela, 48
Código postal:15930
Localidade: Boiro
Concello: Boiro
Provincia:A Coruña.
Teléfono: 881866595
Fax: 881866597
Páxina web: ***santabaia.es***
Correo electrónico:*ceip.santabaia@edu.xunta.es*
C.I.F.: Q6555406E

Unidades	Catálogo	Funcionan
Educación Infantil	6	6
Educación Primaria	17	17
TOTAL	**23**	**23**

Composición xurídica e funcional	Catálogo	Funcionan
Educación Infantil	8	8
Educación Primaria	16	16
Filoloxía Inglesa	3	3
Filoloxía Francesa/Pri	1	1
Educación Musical	2	2
Educación Física	2	2
E.E. Pedagoxía Terapéutica	1	2
Audición e Linguaxe	1	2
Orientación	1	1
Educación Relixiosa		1+1it.
TOTAL	**35**	**39**

Persoal non docente	Consellería	Concello
Auxiliar Administrativo	1	
Conserxe		1
Persoal de Limpeza		2
Coidadora	2	
TOTAL	6	

O **horariodo Centro** para todo o curso:

- Lectivo, as mañás de luns a venres de 08:45h a 13:45h.
- Tarde de martes de 16:00h a 19:00h.

Importante: Cando un alumno/a teña que ausentarse da escola por calquera motivo (médico,...) farao sempre baixo a responsabilidade dun adulto. Este cambio producirase sobre todo en horas de recreo ou nos cambios de clase para non interromper a marcha da actividade docente. Cada vez que un adulto veña a recoller a un neno deberá cubrir un impreso de autorización de saída onde quedarán rexistrados os seus datos persoais, de ser preciso poderase pedir autorización dos titores e DNI.

CEIP Santa Baia
Avda. de Compostela 48 - 15930 - Boiro (A Coruña)
Tel.: 881866595| E-mail: ceip.santabaia@edu.xunta.es
www.santabaia.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AUTORIZACIÓN PARA A SAÍDA DO CENTRO DURANTE O HORARIO ESCOLAR

Don/Dona .....

pai/nai/titor/avo/a..... con DNI ..... faise cargo do alumno/a ..... do curso ..... dende as ..... horas ata ás ..... pola seguinte causa .....

..... e para que conste asino esta autorización.

Boiro a ..... de ..... de 2017 ***SINATURA***:

O horario de Primaria e Infantil adáptase a 25 **sesións** para procurar o equilibrio entre todas as materias de acordo cos horarios fixados pola: orde do 25 de xuño de 2009 e o decreto 105/2014.

As tardes ocúpanse en actividades programadas polo Concello, ANPA, Centro, Club baloncesto...,Estas actividades serán dirixidas por monitores, agás as realizadas na biblioteca do centro, posto que neste caso os responsables serán os mestres de garda. O horario establecido é de 16:00 a 18:00 tódolos días lectivos agás os martes, que será de 16:00 a 17:00h. Os mércores poderá acudir á biblioteca do centro calquera membro da comunidade educativa.
A Anpa ven realizando o servizo de "madrugadores" (de 7:30 ao inicio das clases) e de "comedor escolar" (desde o remate e ata as 16:00h). Por ter as prazas completas, varios usuarios desprázanse ao restaurante Chicolino (empresa responsable do cátering) en autobús. Teñen a información destes servizos na web.

A distribución de días lectivos ven determinada na Orde do 12 de xuño de 2017. Entre as direccións dos Centros do Concello, acordamos elixir os mesmos días non lectivos locais, tal e como se recomenda en dita orde, seguindo unha fórmula democrática. Cada claustro propón dous días, e os máis solicitados asúmense por todos os Centros. Para este curso solicítanse o 20de marzo e o 4 de maio como non lectivos.
As sesión de avaliación realizaranse nas seguintes datas:

AVALIACIÓNS	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE	
DATA SESIÓNS DE AVALIACIÓN	10.12.19	24.03.20	09.06.20	INFANTIL 1º e 2º PRIMARIA
	17.12.19	31.03.20	16.06.20	3º,4º,5º e 6º PRIMARIA
DATA ENTREGA BOLETÍNS	20.12.19	03.04.20	19.06.20	INFANTIL PRIMARIA

2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO. MEDIDAS E RECURSOS

Obxectivos	Medidas	Recursos
Mellorar a convivencia da comunidade educativa.	Para toda a comunidade educativa. *Aumentar as enriquecedoras relacións co contorno do Centro.* Claustro. *Facilitar a coordinación entre os distintos equipos docentes.* Alumnado. *Actuar sobre os focos de conflitos entre o alumnado con medidas de prevención.*	-Distintas asociacións que colaboran co centro. - Solicitude de creación do Consello Escolar municipal. -PFPP. - Fluxo da información a través do planning mensual e a programación semanal. - Consello dos nenos. - Patios Dinámicos e inclusivos.
Mellorar o estado xeral do edificio.	Mellorar e intensificar a relación cos representantes do Concello Solicitar á xefatura territorial as melloras estruturais precisas	Solicitudes para o concello: - Reparación do teito do patio cuberto de primaria. - Reparación do valado do patio. - Distintas obras de mantemento. - Pintado das aulas. Colaborar coas actividades propostas desde o concellerías. Mellorar a coordinación e actuacións do persoal do concello no Centro. Solicitudes para a xefatura territorial: - Reparación e mellora do lucernario - Substitución das ventás. - Reparación da cuberta do patio de infantil.
Aumentar o control e seguridade dos usuarios do transporte escolar.	Actualizar o protocolo elaborado o curso pasado. Reunións coas coidadoras. Aumentar os contactos ca empresa e Anpa.	-Libro de incidencias. -Carteis identificativos; dos autobuses, coidadoras e alumnado. - Zona no patio na que se organizan os usuarios. - Porta de acceso determinada. - Listaxes actualizados aos implicados en canto se produza algunha modificación.
Renovar o PEC.	Dar protagonismo á CCP	Elevar as propostas ao claustro.
Potenciar os hábitos saudables e a conciencia da necesidade dun desenvolvemento sostible da sociedade na comunidade educativa.	Definir as pautas de traballo do equipo de dinamización de actividades extraescolares. Renovar o proxecto Voz Natura. Aumentar as actividades no horto escolar. Inculcar as medidas de aforro enerxético e a recollida selectiva. Organizar actividades predeportivas con outros centros. Sinal sonora 5 minutos antes de saír ao patio para promover dinámicas correctas na alimentacón.	-Dotación económica da fundación promotora do programa Voz Natura. -Asesoramento das distintas asociacións colaboradoras. -Charlas dirixidas ao alumnado das asociacións da contorna do Centro. -Informar sobre os distintos colectores que ten o Centro (pilas, aceite usado, compostoiro, tóners...) á comunidade educativa. - Continuar no plan de "Deporte Escolar" -Megafonía do centro. -Participación no programa "Froita Fresca na Escola.
Promover a formación do profesorado.	Continuar co PFPP.	-Seminario: TIC- EVA Edixgal.

	Transmitir toda a información ao claustro por medio do correo electrónico corporativo.	-Seminario: patios inclusivos. -Promoción de distintos cursos de formación externos ao Centro.
Aumentar a implicación das familias nas actividades do colexio.	Mellorar o fluxo de información. Aumentar o número de reunións. Dar cabida á súa participación en distintas actividades do Centro. Creación do espazo familias.	-Actualización semanal da web. -AbalarMóbil. -Cooperación ca Anpa. -Actividades dirixidas á súa participación. - Espazo familias en colaboración con outros centros educativos, o CAFI e o Concello.

3.- CONCRECIÓN ANUAL DO PEC

Durante o presente curso vaise a reelaborar o Proxecto Educativo, para adaptalo á nova normativa e realidade do Centro.

Partimos de:

- Análise das características socioeconómicas e sociais.
- Análise dos:
  Axentes internos: Alumnado, Pais/nais, ANPA, persoal docente e non docente.
  Axentes externos: Concello, institucións, asociacións…
- Obxectivos, contidos, competencias, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliables: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina: deben ser observables, medibles e avaliables,criterios de avaliación, Plans, metodoloxía, Comisións, (que darán pautas de actuación) recursos, materiais, Consello Escolar (como órgano consultivo, xerencia administrativa, dirección…).
- Principios Pedagóxicos como base do clima e cultura de centro, do seu sistema relacional e de convivencia, ademais da súa organización, a través de estruturas, que potencien as distintas actividades, conseguindo deste xeito, os principios e prioridades que satisfagan as necesidades e demandas detectadas.

Obxectivos Centro

En liñas xerais o que se pretende é:

- Ter sempre presente o NOF e o Plan de Convivencia.
- Actualizar todos os documentos do Centro.

Obxectivos Profesorado

- Aproveitar ao máximo os recursos persoais do Centro.
- Establecer coordinacións eficaces.
- Fomentar o traballo cooperativo.
- Asumir e transmitir os Principios Educativos do centro.
- Atender en todo momento as demandas dos alumnos/as e dos pais, mantendo un clima positivo e de confianza entre ambas partes.

Obxectivos Alumnado

- Favorecer o proceso de ensino aprendizaxe, usando estratexias motivadoras e significativas.
- Responder ás necesidades Educativas dos nenos/as, a través de atención individualizada e reforzos educativos, e se fose preciso, adaptacións curriculares.

- Difundir dereitos e deberes entre o alumnado.
- Mellorar as relacións interpersoais.
- Facer de forma periódica reunións de delegados para incentivar a participación democrática.
- Fomentar a coeducación dende as titorías e o centro.

Obxectivos Familias

- Implicar aos pais/nais na educación dos seus fillos.
- Manter niveis de información adecuados.
- Realizar as reunións de principio de curso(setembro) e todas as que se consideren necesarias.
- Colaborar coa ANPA.
- Levar a cabo a hora de titoría de pais/nais. Martes de 16:00h -17:00h
- Información e entrega de boletíns informativos trimestralmente.
- Facer partícipes a nais e pais en actividades concretas, como talleres ou actividades a nivel Centro.

Obxectivos coas institucións

- Aproveitar na medida do posible as ofertas feitas polas distintas institucións, adaptándoas ás nosas necesidades.

Todo isto sérvenos para a Avaliación de Programacións, Plans, Proxectos, modificación de todo aquilo cuxo resultado non sexa o previsto, co fin de reaxustalos á dinámica da nosa realidade e da innovación da cultura do traballo en equipo con espazos e tempos específicos. En definitiva, un proceso permanente de investigación-acción de forma acordada por toda a Comunidade Educativa.

4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

As estratexias metodolóxicas e organizativas distribuiranse segundo os seguintes ámbitos:

A nivel de aula

Están orientadas a acadar o seguinte:

A individualización ao máximo dos procesos de ensino-aprendizaxe para respectar os diferentes estilos cognitivos e de aprendizaxe, a través dunha atención personalizada, procurando conxugar a economía docente coa autonomía do alumnado por medio do uso de estratexias e técnicas para aprender a aprender.

Destácanse aspectos tales como:

- A motivación, a través de actividades funcionais.
- Clima de traballo axeitado, aberto e participativo.
- O fomento dunha autoestima positiva.
- A educación en valores e habilidades sociais.
- Metodoloxía baseada no traballo colaborativo a desenvolver en grupos heteroxéneos, empregando programas que favorezan a inclusión.
- Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación segundo as necesidades individuais do alumnado, tendo sempre presente o principio de inclusión.

O Departamento de Orientación facilita, cando se demanda, as propostas e programas necesarios para axudar a acadar o anteriormente exposto.

As **programacións de nivel e aula** elabóranse dende unha perspectiva onde o proceso de planificación educativa debe incluír as diferenzas e excluír as desigualdades, dando a cada alumn@ ferramentas e estratexias destinadas a favorecer o seu crecemento a partires do que é e de onde se atopa.

Para a **prevención de dificultades** están previstas, entre outras, as seguintes medidas:
-Agrupacións heteroxéneas e equilibradas nas aulas para favorecer a coeducación.
-Desdobres, na medida das dispoñibilidades organizativas do centro, para facilitar a adquisición de contidos.
-Información, por parte da Orientadora, no mes de setembro aos titores/as asignados a un novo grupo, para informar do alumnado que presenta n.e.a.e.

A nivel de alumnado

Como estratexias de prevención de dificultades, no mes de setembro os titores/as asignados a un novo grupo serán informados sobre o alumnado que presenta n.e.a.e., por parte da Orientadora.
Dentro do Plan de Convivencia creouse o CONSELLO DOS NENOS, onde cada grupo conta con un ou varios representantes. Neste grupo trátase toda a problemática, intereses, propostas…do alumnado. Segue unha secuencia:
Propostas-Ideas-Participación-Solucións- Mellorar- Encontros- Comunicación-Opinión.
Conta con dous representantes do claustro que son o director e a orientadora do centro e reúnense unha vez ao mes en horario de recreo.

Como medida ordinaria, levarase a cabo o **reforzo educativo** co alumnado, que presenta un desfase curricular ou que atopa unha maior dificultade na aprendizaxe de contidos considerados básicos, é impartido polo titor/a.
Cando se considera necesario e as condicións o permiten colabora outro profesorado nalgunha(s) sesión(s). O apoio dirixido ao reforzo:
-En Educación Infantil efectúao o profesorado adscrito a esta etapa con esta función.
-En Educación Primaria é solicitado polos/polastitores/as no mes de OutubroaoXefe de Estudios, que adscribe ao profesorado en función da maiordispoñibilidade horaria e respectando a pertenza aomesmo nivel, ou etapa por esta orde.
A medida desenvólvese na aula ordinaria.

En canto as medidas extraordinarias destacan:
a)O apoio das **especialistas de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.** Interviránco alumnado de necesidades específicas de apoio educativo cando así o sinale o correspondente informe psicopedagóxico.
A intervención deste profesorado lévase a cabo dentro da aula á que pertence o alumno/a, e desenvólvese fóra da mesma cando:
- Se utiliza o Programa PASS de Intervención Cognitiva (PPIC).
- Se segue tratamento de dislalias e trastornos da linguaxe.
-Existe alumnado de necesidades educativas especiais que, para determinadas actividades do programa de intervención, precisa un esforzo de atención e concentración que non conseguiría dentro da aula ordinaria.
-As actividades de apoio programadas interrompen o normal desenvolvemento da clase no grupo de referencia.

O número máximo de sesións de apoiofóra da aula é de 8 semanais como así o establece a *Orden de 27 dediciembre de 2002 por la que se establecen las condiciones y criterios para la escolarización en centros sostenidos con fondos públicos del alumnado de educación no universitaria con necesidades educativas especiales ("… durante un tempo que no excederá la tercera parte de la jornada escolar.*")

En setembro, a toma de decisións sobre a asignación e distribución dos apoios a cargo do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición en Linguaxe realízase considerando como criterios prioritarios os seguintes:

1. Alumnado con necesidades educativas especiais
2. Alumnado con n.e.a.e. con Adaptación Curricular Significativa
3. Alumnado con n.e.a.e. sen Adaptación Curricular Significativa que repite curso.
4. Alumnado con n.e.a.e. sen Adaptación Curricular Significativa.

Como norma xeral, o alumnado con necesidades educativas especiais máis importantes, recibe maior número de horas de apoio e, na medida do posible, se lle asigna profesorado especialista en PT e/ou AL con destino definitivo no centro para favorecer a continuidade da figura de referencia.
O profesorado-titor adapta o horario da aula para facilitar traballar a mesma área co alumnado que queda en clase e co que se apoia fóra.

b)As **adaptacións curriculares significativas** serán elaboradas no primeiro trimestre do curso, polo/a titor/a que contará coa colaboración do/a orientador/a e outros especialistas: de área, Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
Empregamos esta medida en casos que requiren modificacións significativas nun ou máis elementos prescritivos do currículum, podendo ser requirida polo alumnado con necesidades educativas especiais, o alumnado con alta capacidade intelectual ou aquel con necesidade específica de apoio.
Despois da avaliación inicial reunirase o profesorado que imparte clase ao alumno/a, o profesorado de PT/AL, a Xefatura do D.O. e a Xefatura de Estudos, para decidir se procede a elaboración da ACS e en que áreas.
O/A titor/a manterá contactos periódicos co profesorado de PT e/ou AL, co obxecto de coordinar a actuación educativa.
Cando menos, en cada sesión de avaliación efectuarase unha revisión da evolución escolar quedando recollido no documento "informe de seguimento trimestral de ACS.

A nivel de centro

Ao longo deste curso continuarase coa implementación do Programa Patios Dinámicos, iniciado o curso pasado a través do PFPP. Realizarase nas sesións de recreo dos martes e dos xoves. Nestas sesións do xoves e durante 3 meses (de outubro a decembro), colaborará co grupo de mestras do centro, persoal e usuarios de AMICOS.
Así mesmo, continuarase coa formación no eido da inclusión a través dun Seminario incluído no PFPP, para dar respostas axeitadas ao alumnado con neae.
Dende o departamento de orientación ofreceranse pautas e orientacións para o profesorado ante as reunións xerais e as entrevistas individuais coas familias.
Dende o centro establecerase dende o principio de curso unha continua colaboración e intercambio de información cos servizos sociosanitarios e centros de procedencia do alumnado. Esta coordinación dos equipos docentes cos servizos externos que atenden ao noso alumnado con n.e.a.e. (Amicos, Aspanaes, gabinetes privados…) realízase a través de reunións nas que, con carácter xeral, asisten o/a titor/a, especialistas en PT e/ou AL, e a Orientadora.
A entrada principal conta cunha CAIXA DE CORREOS onde se poderán insertartodas aquelas ideas, propostas, preocupacións, observacións… do centro, para poder ser atendidas pola comunidade educativa. Hai unha persoa encargada da lectura, clasificación e seguimento. O seu uso está destinado a todos aqueles membros da comunidade educativa.

5.- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

(Reflíctese no DOC)

6.- PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

Director:J. Gustavo Romero García
Xefe de Estudos: Daniel VázquezDieste
Secretaria: Sesa Novo Boo

Horario de atención do equipo directivo

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8:45 9:40		**DIRECCIÓN**	XEFATURA	*SECRETARÍA*	
9:40 10:35			**DIRECCIÓN**	**DIRECCIÓN**	XEFATURA *SECRETARÍA*
10:35 11:30	*SECRETARÍA*	XEFATURA		XEFATURA	**DIRECCIÓN**
12:00 12:55	**DIRECCIÓN** *SECRETARÍA*			**DIRECCIÓN**	**DIRECCIÓN**
12:55 13:45	XEFATURA		*SECRETARÍA*	**DIRECCIÓN**	

OBXECTIVOS	**ACTUACIÓNS**
Fomentar a participación do profesorado nas accións da dirección.	Reunións: niveis, dinamizacións, Claustro, CCP e Consello Escolar. Incluíndo nas convocatorias información precisa dos temas a tratar.
Optimizar a organización de horarios, reunións, actividades...	Reunións continuas do xefe de estudos cos docentes do centro. Programación semanal e planning mensual.
Contribuír a que a relación entre os diferentes estamentos do Colexio (alumnado, profesorado, pais e nais, e outro persoal ó servizo no centro) sexan cordiais e respectuosas.	-Reunións e comunicacións con todos estamentos. -Mellorar a comunicación e información actualizando web, con notas,circulareseAbalarMóbil.
Delimitar as funcións e responsabilidades dos distintos órganos de funcionamento da comunidade educativa (unipersoais, colexiados,...) dentro dun clima de cooperación, colaboración e coordinación.	- Reunións dos órganos competentes para o funcionamento do centro. - Actividades de coordinación entre eles.
Facilitar a coordinación e relación do profesorado a nivel de Centro e a súa relación con outras entidades.	- Contactos coas institucións locais. - Actividades conxuntas con centros da localidade.
Conseguir que a coordinación didáctica e metodolóxica entre niveis sexa unha norma de traballo no centro.	-Revisión, adecuación e coordinación dos criterios de avaliación, promoción,…

Facilitar e potenciar a formación e a información do profesorado: Asistencia a cursiños, xornadas, reunións,... Subscricións a revistas de carácter pedagóxico- didáctico.	- PFPP e promoción de outros cursos de formación. - Difusión de revistas e xornais
Potenciar o uso da biblioteca escolar e mellorar a dotación de recursos	- Que Equipo de biblioteca, dispoña de sesións para maximizar o uso dos recursos da biblioteca e recuperar propostas de outras dinamizacións. - Continuar co PLAMBE. -Apertura o mércores pola tarde a toda a comunidade educativa.
Favorecer un clima propicio que permita a implantación de proxectos de innovación educativa e participación en grupos de traballo.	-Implicación da dirección nas iniciativas propostas polos membros do claustro.
Impulsar a función titorial, así como a participación dos pais/nais nas actividades do centro.	- Reunións cos pais, individuais e colectivas. - Circulares informativas. - Invitacións a participar/colaborar nas actividades de Centro. - Facilitar recursos a Anpa.

O equipo Directivo manterá dúas horas semanais de Coordinación. Unha na que se xuntarán Director, Xefe de Estudos e Orientadora e outra na que estarán Director, Xefe de Estudos e Secretaria. Para calquera cuestión que tratar con algún membro do equipo directivo, dirixirse á secretaría ou conserxería para concretar unha xuntanza.

7.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Os **ÓRGANOS COLEXIADOS** reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque o seu presidente ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. En todo caso reunirase ao inicio e ao remate do curso.
Tentarase que as reunións do consello escolar se celebren en día e hora que posibiliten a asistencia de todos os membros.

O consello escolar :

- Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente. Temporalización: Outubro (aprobación).
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro. Temporalización: todo o curso.
- Promover as relacións e a colaboración escola-familia e fomentar a participación dos sectores e a súa formación. Temporalización: durante todo o curso.
- Aprobar o Proxecto Educativo do Centro e as modificacións que se fagan nos diferentes plans e proxectos do centro.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se ateñan á normativa vixente.
- Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e emitir informe sobre a obtención de recursos complementarios.

Director/Presidente:
Gustavo Romero García
Xefe de Estudos:
Daniel Vázquez Dieste
Representantes do Claustro:
Mª del Mar Rodríguez Ramos
Ana Mª LojoDieste
JoséCardesaArtieda
Pablo Pena Lozano
Sergio Somoza Viturro*
Representantes Nais/Pais:
EugenioLozanoLijó
Ana Belén Silva Abuín
Mª Elena García Blanco
Mónica Díaz Fernández
Mª Dolores García Tarela*
Representante Concello:
María LuisaOuteiral*
Representante do Persoal de Administración e Servizos:
Mª Dolores Sánchez Alcalde
Secretaria:
Sesa Novo Boo

***Novosmembros por cese dos titulares.

- Supervisar e aprobar a Xustificación de Ingresos e Gastos do Centro, velando polo cumprimento da execución do Proxecto de Orzamento. Temporalización: Outubro, Xaneiro e Xuño.
- Constituír no seu seo as Comisións económica e de convivencia.

O claustro de mestres e mestras:

- Aprobar e avaliar as concrecións curriculares e os aspectos pedagóxicos da PXA. Temporalización: todo o curso.
- Realizar o seguimento da consecución de obxectivos do PXA. Temporalización:todo o curso.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro. Temporalización: todo o curso.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e innovación pedagóxica, así coma na formación do profesorado. Temporalización: todo o curso.
- Fixar os criterios de orientación, titoría, reforzo e recuperación do alumnado.

Temporalización: todo o curso.

- Propoñer medidas que favorezan a convivencia. Temporalización: todo o curso.
- Facer propostas de traballo aos equipos de dinamización, a outros órganos colexiados e institucións. Temporalización: todo o curso.
- Seguimento e valoración dos Plans e Proxectos Educativos.

8.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

8.1.- CCP

Gustavo Romero	*Director*
Daniel Vázquez	*Xefe de Estudos*
María Basavilbaso	*Orientadora*
Eva Castro	*Coordinadora Infantil*
PiliEstévez	*Coordinador a1º nivel*
MªJoséLourés	*Coordinadora 2º nivel*
Mar Rodríguez	*Coordinador 3º nivel*
Ana Ramos	*Coordinadora 4º nivel*
David Pérez	*Coordinador 5º nivel*
María Ons	*Coordinadora 6º nivel*
Agustina Caramés	*Coordinadora EDL*
Beatriz de la Torre	*Coordinadora de Biblioteca*
Mari Lojo	*Coordinadora ED extraescolares*
Pablo Pena	*Coordinador equipo TIC*
Paula Fernández	*PT*
Mª EugeniaBlanco	*PT*
RocíoLence	*AL*
Lara Miguéns	*AL*

Respecto das súas competencias, aclaramos que serán as reguladas polas distintas normativas e a que se acordou no claustro:

• *Coordinar o traballo das distintas dinamizacións para o correcto funcionamento das actividades Complementarias do Centro.*

Elección da secretaría da CCP: (pendente).

8.2.- COMISIÓN DA AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE 3º
Estará constituída por:
- Gustavo Romero (director) que a presidirá.
- Daniel Vázquez (Xefe de estudos)
- María Basavilbaso González (Orientadora)
- Paulina González Domínguez (Titora de 3º)

A súa función é informar e coordinar o proceso de avaliación tal e como se indique na orde anual que se publica no mes previo á proba. De igual xeito, colaborará coa administración educativa para o que sexa requirida.
De celebrarse no Centro unha avaliación para sexto curso, incluirase como membro desta comisión a DonaSusana Albarrán Gómez(titora de 6º)

8.3.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

En cumprimento do establecido no artigo 4º do Decreto 120/1998, do 23 de abril, o Departamento queda integrado polas seguintes persoas:

Mª EugeniaBlanco Aragón: Mestra especialista en PT
Paula Fernández Martínez: Mestra especialista en PT
Lara Miguéns Salnés: Mestra especialista en AL
RocíoLenceCordero: Mestra especialista en AL
María Basavilbaso González:Orientadora, Xefa do Departamento

Reunirase semanalmente, os martes, en horario de 16:00 a 17:00h e adicaranse ao desempeño das funcións que lle son encomendadas ao Departamento de Orientación na normativa vixente así como ao deseño e elaboración de materiais para o desenvolvemento, por parte dos/das titores, de actividades propostas no presente Plan, promoción da formación do profesorado e calquera outros, de carácter metodolóxico, a petición do profesorado.

8.4.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

DINAMIZACIÓN **Tecnoloxías da Información e da Comunicación**	
Compoñentes	Nivel
María Otero	Inf
Cristina Bermejo Varela	Inf
Pablo Pena Lozano**(Coordinador)**	1º
Carmela Cerecedo Sánchez	2º
Ana Rodríguez Ruibal	3º
Elena López Santana	4º
JoséCardesaArtieda	5º
Daniel Vázquez Dieste	6º
Paula Fernández Martínez	6º

É competencia do equipo TIC
- A dinamización dos espazos comúns relacionados cas TIC: espazos con ordenador e canón para proxeccións, Encerados dixitais comúns, Web do centro, Blogs, etc.
- Creación dun planning para a utilización destes recursos a fin de optimizar o seu aproveitamento.
- Tramitar calquera incidencia relacionada coas TIC no centro.
- Ofrecer formación al profesorado para que poida incluír las TIC no seu quefacer diario.
- Elaboración dunha guía de recursos educativos relacionados cas TIC
- A instalación de novos programas informáticos será realizada unicamente polo director ou persoa na que este delegue.
- Actualizar inventario dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.
- Colaborar coas actividades de Centro canalizando a información e propostas a través da rede interna e aportando materiais dixitais adecuados.

O coordinador organizará o equipo para responsabilizarse do mantemento básico dos equipos e das contas das aplicacións Kizoa, ISSU, Youtube e a web do centro.

8.5.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

DINAMIZACIÓN **Actividades Complementarias**	
Compoñentes	Nivel
Mª CarmenLojoDieste**(Coordinadora)**	Inf
Eva María Castro Camiña	Inf
Ana LojoDieste	Inf
Beatriz Durán Suárez	1º
Lara Miguéns Sanles	2º
Paulina González Domínguez	3º
AnaRamosVillanustre	4º
Juan Carlos Puga Fandiño	5º
Sergio Somoza Viturro	5º
María P. Ons Miranda	6º

Este equipo encárgase da organización das actividades complementarias a nivel Centro e a coordinación das efemérides. Tamén se ocupa do desenvolvemento das tarefas relacionadas co horto escolar, actividade que forma parte do Proxecto Voz Natura, do que recibe asesoramento e apoio económico.
O equipo de actividades complementarias e extraescolares está composto por 10 persoas dos distintos niveis de educación infantil e primaria, que se marcan os seguintes obxectivos:

- Elaborar actividades co fin de lograr os obxectivos dos contidos programados.
- Recuperar e valorar costumes e tradicións.
- Fomentar unha actitude crítica respecto da publicidade e consumo.
- Favorecer o achegamento a actividades artísticas como as visitas a museos, teatros…
- Desenvolver a lóxica e a capacidade creativa valorando e respectando as creacións propias e mailas alleas.
- Apreciar os valores básicos que rexen a vida e convivencia humana, comportarse de forma solidaria rexeitando calquera tipo de discriminación.
- Recoñecer e analizar aspectos importantes da situación medioambiental no contorno, así como espertar a sensibilidade e contribuír na súa defensa, conservación e mellora (reciclaxe de papel, recollida de pilas e de tapóns de plástico).
- Desenvolver a autoestima e a capacidade de establecer relacións afectivas co entorno.
- Colaborar en actividades grupais.
- Respectar as normas establecidas.
- Identificarse co contorno social e cultural máis próximo, coñecendo e estimando as súas xentes, festas, tradicións…, respectando a diversidade social e cultural.
- Aprender e respectar a cultura e a lingua da comunidade, favorecendo o seu emprego en distintas actividades e tendo unha estreita colaboración co equipo de dinamización lingua galega.

A programación de actividades organizada por esta dinamización está recollida no punto 12 do presente documento.

Ademais, este equipo asume a realización dos proxectos relacionados co horto escolar.

PLANO DO HORTO



C.E.I.P. Santa Baia	
Localidade: Boiro	Enderezo: Avda. Compostela nº 48
Data: Curso 16-17	Título: Horto escolar
Escala: 1:67	Plano nº: 01

- ✓ Obxectivos:

- Aproveitar ó máximo a terra cultivable para abastecernos dos seus produtos.
- Consumir alimentos naturais e ecolóxicos.
- Ser responsables do material, ó igual que recoñecer os distintos utensilios que usamos para o cultivo das verduras e hortalizas.
- Habituar aos nenos ao consumo de hortalizas.
- Conseguir que esperte o interese pola agricultura nos nenos e que aprendan as técnicas do cultivo ás que non soen estar habituados.
- Incentivar a participación de toda a comunidade educativa nas actividades desta dinamización.
- Que sexa un banco de recursos vivo para distintas unidades didácticas de todas as áreas e niveis educativo

- ✓ Actividades .
  - Realizaranse as actividades correspondentes co mantemento do horto : cavar, limpar, plantar ……
  - Participarase no plan proxecta a través da modalidade Froita na escola no mes de novembro e abril.
  - Participarase no proxecto " Voz Natura " intentando difundir unha mensaxe de respecto a natureza e hábitos saudables.
- ✓ Organización
  - Realizarase unha táboa con quendas de traballo segundo os cursos a participar.

Tamén será máxima prioridade a separación de residuos.

- ✓ Obxectivos:

- Espertar a concienciación da necesidade e posibilidade da reutilización do material empregado anteriormente
- Recoñecer e analizar aspectos importantes da situación medioambiental.
- Espertar a sensibilidade en canto á relación que o medio ambiente ten cunha mellor calidade de vida de toda a sociedade.

- Favorecer o axeitado tratamento e recollida de pilas co fin de reducir o seu impacto ambiental ao igual que tomar conciencia dos efectos nocivos que o seu mal emprego poden producir.
    - ✓ Actividades propostas:
        - Recollida selectiva de papel en cada aula.
        - Recollida de pilas por aula que logo periodicamente son acumuladas no depósito correspondente.
        - Recollida de aceite no seu colector para posteriormente reciclalo.
        - Organizar o Comando Verde.

8.6.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

1.- OBXECTIVOS:

Partindo da análise dos resultados obtidos no curso 2018/2019, o equipo de biblioteca proponse os seguintes obxectivos para o curso 2019/2020.
a) Consolidar as actividades de dinamización levadas a cabo en cursos anteriores.
b) Potenciar a coordinación cos diferentes equipos do centro.
c) Levar a cabo campañas de animación á lectura de acordo con temáticas xerais, coas conmemoracións ou celebracións de datas significativas do calendario escolar.
d) Manter actualizado o blog.Pedirase a colaboración do equipo de TIC.
e) Potenciar a busca de información e investigación en distintos soportes.
f) Realizar actividades de formación do equipo de coordinación da biblioteca e do profesorado no uso da biblioteca escolar para mellorar a xestión e dinamización da mesma.
g) Deseñar e poñer en práctica actividades graduadas de formación de usuarios autónomos da biblioteca.
h) Fomentar a colaboración con diferentes institucións e asociacións da contorna.
i) Adquirir o mobiliario e equipamento necesario.
k) Acadar un maior grao de implicación do profesorado, tanto nas actividades de xestión coma nas dinamizadoras.
l) Adquirir os fondos necesarios intentando equilibrar a colección.
m) Fomentar a participación das familias.
n) Seguir o Proxecto Lector de Centro.
ñ) Continuar co Club de Lectura para o alumnado de sexto nivel (pendente de confirmar).

2.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

O equipo de biblioteca estará formado durante este curso polas seguintes persoas:

- Albarrán Gómez, Susana
- Basavilbaso González, María
- CardesaArtieda, José
- De la Torre Díaz, María Beatriz
- Estévez Sixto, Pilar
- López Roda, Pilar
- LourésIllán, María José
- Mosquera Gómez, Verónica
- Mosquera Sixto, Sandra
- Novo Boo, Sesa
- Pérez García, David

A persoa coordinadora é María Beatriz De la Torre Díaz, con carácter definitivo no centro.

Durante o mes de setembro, a biblioteca permanecerá pechada para rematar distintas tarefas de organización: sinalización de andeis, rexistro e catalogación de novos fondos, organización e formación do equipo de axudantes, decoración específica do proxecto, elaboración de carnés de novos usuarios, adecuación da mascota ao novo proxecto…

Constituirase, ao igual que o curso pasado, un equipo de axudantes de biblioteca formado por nenos/as de 5º e 6º curso que colaborarán cos mestres/as no préstamo e devolución de libros, colocando libros nos estantes, axudando aos máis pequenos, etc.

Ao comezo do mes de outubro, os membros da comisión da biblioteca xunto co equipo de axudantes da mesma, colaborarán cos titores/as no desenvolvemento dunha actividade de formación de usuarios/as dirixida a todo o alumnado e orientada a presentar a organización e funcionamento da biblioteca de xeito que os nenos/as poidan comezar ou retomar o uso autónomo desta. Será nesta sesión cando se presente o proxecto, "Xapón. Xogos Olímpicos" e se fará entrega dos carnés aos novos usuarios.

Así mesmo, realizaremos unha xuntanza con todo o profesorado para explicar o funcionamento e a xestión de préstamos a través do MEIGA.

As normas de uso da biblioteca escolar serán transmitidas a todos os usuarios a través de carteis e trípticos nos que se recollan as normas, distribución dos materiais, posibilidades de uso do carné, horario…

Para que cada grupo poida dispoñer dunha sesión semanal de traballo, favorecerase a organización dun horario onde cada titor disporá dunha hora á semana asignada no horario,na que fará os empréstitos e as actividades de animación á lectura e educación documental que consideren oportunas, sempre contando co apoio da comisión.

As xuntanzas desta dinamización terán lugar un martes ao mes e na sesión estimada por Xefatura de Estudos dentro do calendario de reunións do centro.

Nos tempos de lecer, para que os rapaces e rapazas poidan realizar consultas ou gozar deste tempo coa lectura de libros, revistas,…, organizaranse quendas de garda, preferentemente vixiadas polos compoñentes da biblioteca.

A biblioteca permanecerá a disposición do alumnado en horario de recreo cun mestre/a responsable (pertencente o equipo da biblioteca) e o grupo de alumnos voluntarios, que se encargarán de levar a cabo os préstamos e devolucións. Este curso tamén poderán gozar da lectura e de xogos de mesa ao aire libre no novo recuncho do patio. Durante as tardes, o horario será de 16:00 a 18:00 h, agás os martes que será de 16:00 a 17:00h.

A partir do mes de outubro, esta abrirá os mércores pola tarde para os alumnos e as súas familias. Durante estas tardes poderanse realizar préstamos, tanto para os nenos/as como para os pais e se levarán a cabo distintas actividades de animación a lectura (contacontos en familia,obradoiros, relatores…) contando coa colaboración dos pais/nais e da biblioteca municipal.

A persoa responsable disporá de catro sesións de dedicación á biblioteca (sempre que non teña que substituír) para cumprir coas funcións que lle corresponde.Conta co equipo de apoio, do cal , a un dos membros se lle asignou unha sesión de adicación no seu horario. Traballarase así na preparación e posta en marcha de diferentes actividades e no apoio e asesoramento dos diferentes grupos na súa hora semanal de biblioteca, tal e como consta nas instrucións do Plambe

3.- ACTIVIDADES.

- **Organización e xestión.**

- Formación do alumnado colaborador e seguimento da súa actividade.
- Actualización da guía de uso da biblioteca.

- Adquisición de fondos.
- Dar publicidade ás novidades.
- Dinamización do blog.
- Atender a caixa de suxestións para alumnado e profesorado.
- Mantemento dos lectores electrónicos.
- Elaboración de normas de uso do recuncho do patio.
- Elaboración de normas da mesa Lego.
- Expurgo de fondos obsoletos.

❖ **Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, integración no currículo e contribución á alfabetización múltiple ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.**

- Desenvolvemento do proxecto documental integrado: Xapón e xogos olímpicos. Será o fío condutor das actuacións e conmemoracións do ano.
- Elaboración e distribución de guías de lectura.
- Difusión dos recursos da biblioteca a través do blog e páxina web.
- Apoio ás necesidades do profesorado.
- Demostracións utilización dos xogos de mesa da Biblioteca.

❖ **Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional.**

- Xornada de información aos mestres/as sobre a organización e funcionamento da biblioteca (CDU, normas de biblioteca, xestión de préstamos no programa MEIGA).
- Xornadas de presentación con cada grupo para dar a coñecer a organización e funcionamento da biblioteca (titores e algún membro do equipo de biblioteca).
- Alumnos/as colaboradores: BIBLIOAXUDANTES. Manteríase esta proposta de traballo que xa se ten desenvolto dun xeito moi satisfactorio nestes últimos cursos. A este alumnado se lle fai un chamamento, firma un acordo de responsabilidade cara á tarefa, se lle informa das pautas de actuación e se organizan as quendas de biblioteca de cada un deles.
- Distribución de guía de funcionamento da biblioteca para alumnos/as e pais/nais.
- Elaboración dunha guía para aprender a buscar e tratar a información.
- Recuncho DIXITAL: xa está dotado de catro PC de sobremesa e catro portátiles.Traballaremos na ampliación de contidos neste portal para que acolla a tódolos niveis, áreas e intereses.
- Recuncho MULTIMEDIA: durante este curso completarase, organizarase e estableceranse as normas deste espazo.
- Recuncho para a exploración e o descubrimento: realizaranse contos e outras actividades coa mesa de luz e poñerase en funcionamento a mesa de construcións con pezas LEGO.

❖ **Fomento da lectura e desenvolvemento do proxecto lector de centro.**

- Elaborar o Plan anual de lectura.
- Lecturas compartidas.
- Apadriñamento lector.
- Visitas á Biblioteca Municipal.
- Contacontos nos recreos.
- Patios dinámicos, espazo de lectura e xogos de mesa.
- Elaboración de vídeos con recomendacións lectoras do alumnado.
- Booktrailers.

- Incrementar o número de mochilas viaxeiras, estendendo o seu uso a 4º, 5º e 6º nivel.
- Celebracións promovidas dende a Biblioteca que implicarán actividades específicas organizadas dende a mesma:
  - 24 de outubro de 2019: Día da Biblioteca.
  - novembro de 2019 : *mes da CIENCIA en galegonas bibliotecas.*
  - *30 de xaneiro de 2020: Día Escolar da non Violencia e da Paz.*
  - *8 de marzo de 2020: Día Internacional da Muller.*
  - entre o 20 e o 24 de abril de 2020: Semana do libro.
  - Do 11 ao 15 de maio de 2020: Semana das Letras Galegas.
- Celebracións non promovidas dende biblioteca que a implican cun carácter secundario facendo actividades como exposición de fondos, presentación de información, paneis decorativos... como Magosto, a Semana da prensa, día de Rosalía ...

- Actividades en familia con periodicidade mensual: obradoiros, contacontos…

❖ **Avances cara a unha biblioteca inclusiva.**

- Poñer en marcha iniciativas co enfoque de "Lectura Fácil" na Biblioteca destinadas a facilitar a lectura a grupos de alumnado con necesidades educativas específicas.
- Inclusión de imaxes comunicaticas na sinalizaciónda Biblioteca.
- Selección de materiais e fondos específicos para alumnado con necesidades específicas.
- Facilidades de préstamo de fondos e de acceso ás novas tecnoloxíasao alumnado máis desfavorecido social e/oueconomicamente.
- Introdución á elaboración de Contacontos Inclusivos.
- Ampliación de audio-libros.

❖ **Outras actuacións.**

- Formación do profesorado pertencente ao equipo de biblioteca.
- Actividades destinadas ás familias (charlas, obradoiros…).

4.- AVALIACIÓN

A avaliación do proxecto será permanente ao longo de todo o curso, introducindo as modificacións necesarias co fin de garantir o bo funcionamento das actividades. Así mesmo, realizarase unha avaliación final que valore, entre outros, os seguintes aspectos:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de implicación do profesorado, das familias e dos axentes externos implicados no desenvolvemento das actuacións propostas.
- As estratexias metodolóxicas empregadas.
- A adecuación dos cambios realizados na organización da biblioteca (catalogación de libros, servizo de préstamo, horario de apertura,…)
- Clima lector no centro.

Para realizar a avaliación final valoraremos os seguintes indicadores:

- Enquisas para recoller os puntos de vista dos implicados na actividade da biblioteca (alumnado, profesorado e familias).

- Número de préstamos realizados.
- Nivel de participación do alumnado nas actividades.
- Número de visitas ao blog.
- Utilización dos recursos da biblioteca por parte del profesorado.
- Calidade dos traballos realizados.

As conclusións da avaliación final, así como as propostas de mellora, se as houbese, incluiranse, ao rematar cada curso escolar, na memoria anual do plan servindo como referente para a revisión das actuacións ao inicio do curso seguinte.

8.7.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

DINAMIZACIÓN **Lingua Galega**	
Compoñentes	*Nivel*
IsabelBlanco Hermo	inf.
Lorena Pais Abeijón	inf.
Lucía Ares Rodríguez	1º
Mª Bolivia Insua Fernández	2º
Agustina Caramés Hermo**(Coordinadora)**	2º
Mar Rodríguez Ramos	3º
RocíoLenceCordero	3º
Antonio Miragaya Veras	4º
Uxía Blanco Aragón	5º
Gustavo Romero García (director)	6º

É competencia do equipo de normalización lingüística:
1. Presentar a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluirán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer ao claustro, para a súa inclusión nas programacións, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñer ao claustro, para a súa inclusión nas programacións, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece na súa normativa específica.

É responsabilidade do coordinador:

- Elaborar programacións e memorias.
- Coordinar as distintas responsabilidades dos membros do equipo.
- Levantar actas.

- Acudir ás reunións de coordinadores de zona e informar dos acordos ao resto do equipo.

Poderíanse nomear responsables para cada unha destas funcións, ou realizalo todo entre todos:

-Supervisión do correcto uso do idioma nos documentos do Centro.
-Actualización da web.
-Merca de materiais e xestión económica.
-Previsión de actividades.
-Encargado de recompilar datos e fotos para a memoria.

ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

INTRODUCIÓN/XUSTIFICACIÓN

"*Reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitándolle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos".*

Dende o EDLG contribuirase a afondar neste precepto da Lei de Normalización Lingüística, que segue vixente no actual Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia; desenvolvendo esta tarefa nun marco de respecto e tolerancia cara a outras linguas e culturas, nun clima de traballo colaborativo e coordinado cos demais equipos do centro, e asumindo o noso compromiso persoal como docentes.

1. **ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE EMPREGADAS PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, O COÑECEMENTO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS.**

Propiciaremos todo tipo de actuacións que favorezan o uso e práctica das distintas linguas dende o Equipo directivo, o departamento de orientación, o EDLG, así como as demais coordinacións dos equipos docentes. Ademais das actividades realizadas nas liñas de actuación definidas no punto 7 do noso documento marco, trataremos de levar a cabo as seguintes actividades e estratexias para o fomento das dúas linguas oficiais:

- Tendo en conta os materiais relacionados coas TIC, daremos ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes.
- Recompilación e creación de poemas de temática determinada.
- Consulta e interpretación de cancioneiros de ambas linguas.
- Faremos visitas culturais e educativas para participar en actividades organizadas dende o Centro, o Concello ou outros organismos.
- Realizar actividades relacionadas co xogo tradicional comparando con aspectos socioculturais doutros lugares.
- Fomento da tradición oral.
- Recompilación de traballos realizados polo alumnado.
- Recompilación de actividades de elaboración de receitas do mundo.
- Realización de obras teatrais en todas as linguas.

2. CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERIA NO CASO DE MODIFICACIÓN NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA ESTRANXEIRA.

- Seccións bilingües. Cremos que este novo proxecto en 4º, 5º e 6º de Educación Primaria é unha forma de mellorar na competencia lingüística dos alumnos/as e unha clara aposta pola dimensión europea dos centros de ensino. Ao mesmo tempo promóvese o uso da lingua nun contexto máis distendido, distinto do habitual estudo do inglés, o que fai que os nenos/as descubran a utilidade do seu uso nun ámbito diferente. O claustro marcouse como obxectivo seguir ampliando as seccións bilingües en plástica en inglés, cando os recursos persoais sexan suficientes.
- Así mesmo, pensamos que isto fomenta actitudes máis respectuosas cara as persoas de diferentes países, xa que nos pon en contacto con outras visións culturais diferentes, así como o uso de tecnoloxías de maneira eficaz e proveitosa a través dos distintos proxectos que serán levados a cabo nesta materia.
- Tamén hai que considerar de forma positiva unha modificación tanto na forma de traballar dos alumnos/as como de todos os membros participantes neste proxecto, xa que se impón unha dinámica máis cooperativa.
- A ampliación das seccións bilingües en Primaria fai posible a mellora das diferentes destrezas da Lingua Estranxeira e isto facilita a adquisición da lingua dun modo máis sinxelo.
- Participación no proxecto europeo Erasmus+ka101.

3. INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR

Consideramos que a gran maioría dos obxectivos propostos na programación foron traballados e acadados, así pois queremos facer pé na importancia de ter en consideración os seguintes de cara ao vindeiro curso por terse traballo menos ou nalgún caso apenas nada, así pois, debemos ter en conta os seguintes, que se relacionan co contexto do centro e o profesorado:

- Seguir coa liña de traballo desenvolvida este ano, establecendo dende o comezo do curso o que se vai facer, de maneira que no mes de setembro teñamos propostas claras para cada trimestre.
- Coidar o tempo de reunión, intentando que haxa máis momentos de encontro entre os membros do Equipo para favorecer a comunicación e o traballo cooperativo; así como unha relación máis fluída a través do correo electrónico.
- Mellorar a eficiencia na entrega de documentos gráficos (fotos) para incorporar aos documentos que se requiren á hora de solicitar axudas da Administración.
- Incluír as actividades propostas pola ANPA como parte da programación do Samaín (túnel do terror, procesión da Santa Compaña) e valorar a posibilidade de que o ano que non se celebra o Samaín pola mañá -posto que se alterna co Magosto- se manteña pola tarde por conta dos membros da ANPA, é dicir, que se respecte dun xeito ou doutro esta celebración tan exitosa e participativa no noso centro.
- Contemplar a posibilidade de que dentro das seccións bilingües se inclúan como parte da programación de Plástica algunhas actividades que xa teñen carácter estable no centro.
- Incrementar a colaboración continuada co Concello e outras institucións empregando a lingua galega como elemento vehicular.
- Informar dos cambios lingüísticos que se produzan, para acadar un galego normativo e normalizado a nivel de goberno e administración do centro.

Unha vez analizadas as actividades levadas a cabo ao longo do pasado ano académico, o EDLG deixou constancia na súa memoria das seguintes suxestións de mellora de cara o actual curso, coa intención de favorecer a mellora do funcionamento do equipo, e en xeral, do proceder do centro:

- Tendo en conta que o noso centro é moi numeroso e que os Equipos están formados por varios mestres/as (en principio un por nivel), faise necesario a distribución de tarefas xerais en canto os obxectivos propios de cada Equipo, e máis concretamente o EDLG. Así pois, é necesario analizar e prever con maior claridade o conxunto de tarefas que se levarán a cabo durante todo o curso co gallo de distribuír equitativamente as tarefas entre os mestres/as. De todos os xeitos, non se poden descoidar as reunións, é dicir, a pesar de ter distribuídas as tarefas faise necesario o traballo cooperativo e o debate de todas as decisións.
- A idea de establecer a comezo de curso un proxecto xeral ou liña de traballo e actuación común parécenos axeitada, desta maneira todos traballamos seguindo uns mesmos obxectivos obtendo uns resultados comúns, amplos e significativos. De todos os xeitos, apóiase a idea de non cinguirnos a un só proxecto senón por exemplo, a dous ou tres, dependendo das características dos mesmos. A temática destes proxectos estaría ben decidila colexiadamente.
- Sería moi adecuado marcar as liñas de actuación do vindeiro curso antes de rematar xuño, para dese xeito poder buscar e pensar no verán novas actividades e, xa dende os primeiros días de curso, en setembro, poder programar a maior parte do proxecto, evitando deste xeito a improvisación.

4. INFORMACIÓN E VALORACIÓN SOBRE O PROGRAMA E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA A DESENVOLVER NO CURSO ACTUAL.

Antes de proceder á elaboración das actividades, terase en conta que estas deberán estar directamente relacionadas con obxectivos concretos citados anteriormente e con destinatarios axeitados, tratando de aplicalas a dous aspectos ben diferenciados: normalizar (en contextos castelán- falantes) e dignificar (en contextos galego - falantes).

Por outra banda, terase en conta que o principal receptor das actividades programadas será o conxunto do alumnado, e o que se pretende é unha participación dinámica e activa de todos eles, tratando de potenciar un uso positivo da nosa lingua, fuxindo de estereotipos negativos cara o emprego do galego.

Na planificación das actividades deberase ter en conta, que, aínda que se realiza unha programación a comezos de curso, non se trata dunha listaxe pechada, senón que se poderán ir engadindo novas propostas que poden ir xurdindo ao longo do curso.

Unha vez formulados os obxectivos que se pretenden acadar ao longo deste curso 2018/2019, e partindo destes, serán expostas as actividades que se poden levar a cabo dende o Equipo de Dinamización Lingüística do Galego:

- Realización das enquisas sociolingüísticas no noso centro.
- Levar a cabo recompilacións de regueifas, cantigas, contos e tradicións da zona.
- Dar a coñecer a orixe, historia e tradicións propias da zona ou doutros lugares de Galicia para algunhas celebracións:magosto, Día da Candeloria, Entroido, ... e a partir destas propor reflexións e debates entre os alumnos.
- Amosar personaxes típicos galegos, coma por exemplo, o Apalpador no tempo do Nadal.
- Entrega de unidades didácticas fotocopiables axeitadas a cada etapa (Infantil e Primaria) e a cada nivel (no caso de Educación Infantil) para conmemorar datas coma a do Magosto, Samaín, Entroido, Día do Libro, Día das Letras Galegas, ...

- Realización de exposicións e actos abertos a toda a comunidade educativa sobre a celebración das festas tradicionais: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas.
- Achega de listaxes de páxinas web que poidan axudar aos titores/as ou especialistas a afondar nalgunha destas celebracións.
- Degustación de produtos típicos achegados polas familias do alumnado, por exemplo, no caso do Samaín, do Outono e do Entroido, onde se realiza unha pequena exposición e posteriormente proba de doces típicos traídos polas nais e pais do noso alumnado.
- Campañas de animación á lectura coa realización de:
  - Marcapáxinas, adhesivos, ...
  - Trípticos con lecturas recomendadas para as vacacións de Nadal e para o verán.
  - Exposición de carteis e materiais proporcionados pola Xunta de Galicia.
  - Realización de contos, cómics, poemas, biografías de autores, ...
- Ambientación do Centro e colocación de murais alusivos ás distintas celebracións.
- Exposición dos traballos realizados polos alumnos/as: textos, debuxos, caricaturas...
- Recompilación dalgúns traballos do alumnado, quedando á disposición de todos os que os queiran revisar na biblioteca do centro.
- Difusión e participación en diversas actividades organizadas e promovidas polo Concello de Boiro, ou por outras asociacións, en relación ao emprego do galego ou á difusión da cultura propia de Galicia.
- Pedirlle a pais/nais, avós/avoas que participen activamente na realización de obradoiros ou charlas para o alumnado.
- Realización de saídas didácticas relacionadas co ámbito da lingua galega e das tradicións populares.
- Programación de visitas ao centro por parte de contacontos, escritores, ilustradores ou artesáns.
- Coordinación en colaboración do Departamento de Deportes do Concello e outros centros escolares de xornadas deportivas, de xogos tradicionais ou todas aquelas que difundan a cultura galega.

A continuación elaborarase unha exemplificación das actividades que o Equipo de Dinamización Lingüística adoita realizar ao longo do curso:

- **O OUTONO**
  - Dar a coñecer tradicións típicas desta época do ano.
  - Exposición de froitos do Outono e a súa degustación.
  - Traballar unidades didácticas adaptadas aos distintos niveis e etapas sobre esta estación do ano.
- **O MAGOSTO.**
  - Unidades didácticas.
  - Enlaces web.
  - Cantigas do magosto.
  - Recompilación de regueifas antigas típicas da zona.
  - Exposición de murais.
- **SAMAÍN**
  - Dar a coñecer a historia desta tradición.
  - Recompilación de receitas típicas destas datas.
  - Decoración do centro.
  - Actividades relacionadas para traballar co encerado dixital.
- **NADAL.**
  - Dar a coñecer figura e a historia do Apalpador.

  - Realización de postais con este personaxe.
- **DÍA DA PAZ.**
  - Amosar o feito que orixina esta celebración.
  - Promover reflexións e debates sobre o tema.
  - Realización de carteis alusivos á paz redactados en galego.
- **DÍA DA CANDELORIA ou DÍA DO AMOR EN GALICIA (2 de febreiro):**
  - Dar a coñecer a lenda que orixina esta celebración.
  - Concurso de poesías.
- **DÍA DE ROSALÍA:**
  - Dar a coñecer o por que deste día.
- **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA (8 de marzo):**
  - Investigar sobre a figura de mulleres galegas con relevancia na nosa historia, escollidas entre diversos ámbitos.
  - Realización de bandas deseñadas a partir das súas biografías.
  - Elaboración de retratos.
  - Creación de catálogos cos traballados seleccionados de entre todo o alumnado que queden a disposición de quen os precise na biblioteca do centro.
- **DÍA DO LIBRO (23 de abril):**
  - Escoller libro de autores galegos para traballar de forma colectiva nas aulas.
  - Achega de fichas para o alumnado.
- **SEMANA DAS LETRAS GALEGAS:** Coa finalidade de conmemorar o 17 de maio, Día das Letras Galegas, ao longo desta semana realizaranse actividades coma as seguintes:
  - Dar a coñecer o/a autor/a homenaxeado/a (Antón Fraguas) e a súa obra.
  - Realizar as unidades didácticas sobre o/a autor/a, axeitada para esas idades, proporcionadas polo EDLG.
  - Realizar actividades co Encerado Dixital.
  - Expoñer traballos relativos á súa obra nas diversas estancias do colexio, contando coa axuda da Internet para a procura de información sobre a vida do homenaxeado.
  - Realización de debuxos e caricaturas do autor.
  - Creación de marcapáxinas para empregar de forma individual no Plan Lector.
  - Colocación dos carteis enviados pola Xunta.
- **DÍA MUNDIAL DO AMBIENTE (5 de xuño):**
  - Estudo dalgunhas das árbores propias da nosa zona.
  - Plantación de sementes en botes reciclados dentro das aulas. Posteriormente, entregaranse as árbores ao persoal do Concello para que poida repoboar zonas onde tiveron lugar incendios.
- Proponse dar continuidade ao**PINTADO DOS MUROS DO CENTRO** escolar, onde se irán poñendo diferentes palabras que vaian xurdindo ao longo de canda conmemoración ou celebración.

O equipo de Dinamización Lingüística determinará os mecanismos e instrumentos necesarios para a consecución de datos que lles permitan coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos inicialmente propostos, tales coma:

- Realización de enquisas e estatísticas sobre o emprego da lingua galega.
- Observación directa.
- En función desta análise, estableceranse as oportunas modificacións e axustes.

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º).

Previamente, realizaremos unha valoración deste no seo do claustro, onde tamén se debaterán as diferentes propostas. As conclusións que se obteñan expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico. Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de Inspección Educativa. Anualmente, elaborarase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados das actividades e estratexias de aprendizaxe utilizados para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte ano académico.
- Sé é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería competente en materia de educación.

Así mesmo, no mes de xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación dos seguintes ítems:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
- Valoración do grao de implicación dos membros da Comunidade Educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- Valoración da incidencia do proxecto na Comunidade Educativa.
- Avaliación dos resultados das actividades levadas a cabo: consecución do obxectivo, participación, interese...

LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS NO CENTRO

Con respecto á distribución lingüística curricular, no centro cúmprese o Decreto de plurilingüismo. O profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, tendo en conta a lingua do contorno procurando que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites de cada nivel.

Na etapa de Educación Infantil, nos últimos anos, atopámonos cunha situación con lixeiro predominio do galego sobre o castelán. Tendo en conta que o obxectivo que se persegue é que o alumnado manteña a súa lingua nai (neste caso o galego) e que vaia acadando progresivamente unha boa competencia na lingua castelán, consideramos que o camiño a seguir será a utilización do galego de xeito habitual polos docentes, xa que nos niveis educativos posteriores, neste Centro, o alumnado castelán falante é maioritario. Así mesmo haberá que comprobar periodicamente o grao de dominio do castelán por parte do alumnado para que acaden a competencia a un nivel axeitado.

Dado que a oralidade é a característica xeral desta etapa tratarase de que o alumnado que ten como lingua o galego consolide esta e amplíe os seus usos ás diferentes situacións que xurdan na vida escolar.

Polo tanto, mentres non cambie a situación, a preparación para a lecto-escritura realizarase en galego, o método e o material a utilizar queda a criterio do equipo de profesorado de infantil.

Na etapa de Educación Primaria as materias de linguas impártense no idioma de referencia, matemáticas en castelán e ciencias naturais e sociais en galego.

O uso da lingua no resto das actividades repártese do seguinte xeito:

- Música.- galego
- Relixión.- galego
- Plástica.- castelán/inglés
- Educación Física.- castelán

Materias	1º		2º		3º		4º		5º		6º	
Idioma	C	G	C	G	C	G	C	G	C	G	C	G
LING. GALEGA		4		4		4		4		4		3
LING. CASTELÁ	4		4		4		4		4		3	
LINGUA INGLESA												
MATEMÁTICAS	5		5		4		4		5		5	
CCSS		3		2		3		2		2		3
CCNN		2		2		2		2		2		2
PLÁSTICA	1		1		1							
MÚSICA		1		1		1		1		1		1
REL./ VALORES		1		2		1		1		1		1
EDUC. FÍSICA	2		2		2		2		2		2	
LIB. CONFIG.							1					1
TOTAL	12/11		12/10		11/11		11/10		11/10		10/11	

Segundo o Artigo 3.2 do decreto 79/2010 de 20 de maio, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva. En canto ao resto de materias elaboraranse as programacións, con carácter xeral, en Lingua Galega.

8.8.- EQUIPOS DE NIVEL

Reuniranse unha vez ao mes, cando o coordinador ou a xefatura de estudos o convoque.

EQUIPOS DE NIVEL 19/20

Infantil		
Compoñentes	***Nivel***	***Din.***
IsabelBlanco Hermo	4a	EDL
SandraMosquera Sixto	4b	Biblio
Cristina Bermejo Varela	5a	TIC
Verónica Mosquera Gómez	5b	Biblio
Mª CarmenLojoDieste	6a	Extr.
Lorena Pais Abeijón	6b	EDL
Eva María Castro Camiña**(Coord.)**	Apoio	Extr.
María Otero Pérez	Apoio	TIC
Ana LojoDieste	Inglés	Extr.

1º		
Compoñentes	***Grupo***	***Din.***
PiliEstévez Sixto**(Coord.)**	A	Biblio
Bea Durán Suárez	B	Extr.
Lucía Ares Rodríguez	Inglés	EDL
Pablo Pena Lozano	Reli	TIC
Sesa Novo Boo	E.F.	Biblio

4º		
Compoñentes	***Grupo***	***Din.***
Elena López Santana	A	TIC
Beatriz de la Torre Díaz	B	Biblio
Antonio Miragaya Veras	C	EDL
Ana Ramos Villanustre**(Coord.)**	Inglés	Extr.
María Basavilbaso González	Orient.	Biblio

5º		
Compoñentes	***Grupo***	***Din.***
JoséCardesaArtieda	A	TIC
David Pérez García**(Coord.)**	B	Biblio
Sergio Somoza Viturro	C	Extr.
Uxía Blanco Aragón	PT	EDL
Juan Carlos Puga Fandiño	EF	Extr.

2º		
Compoñentes	***Grupo***	***Din.***
Mª Bolivia Insua Fernández	A	EDL
MªJoséLourésIllán**(coord.)**	B	Bibl.
Agustina Caramés Hermo	C	EDL
Carmela Cerecedo Sánchez	Música	TIC
Lara Miguéns Sanlés	AL	Extr.

3º		
Compoñentes	***Grupo***	***Din.***
Paulina González Domínguez	A	Extr.
Pilar López Roda	B	Biblio
Mar Rodríguez Ramos**(Coord.)**	C	EDL
Ana Rodríguez Ruibal	Reli	TIC
RocíoLenceCordero	AL	EDL

6º		
Compoñentes	***Grupo***	***Din.***
Daniel Vázquez Dieste	A	TIC
María P. Ons Miranda**(Coord.)**	B	Extr.
Susana Albarrán Gómez	C	Bibli.
Paula Fernández Martínez	PT	TIC
Gustavo Romero García	Mus.	EDL

9.- QUENDAS DE VIXILANCIA

Recreos, todos os días da semana están organizados da mesma maneira que este:

GARDAS DE RECREO 2019/2020 - **LUNS**										
	Setembro	***Outubro***	***Novembro***	***Decembro***	***Xaneiro***	***Febreiro***	***Marzo***	***Abril***	***Maio***	***Xuño***
SUSANA	Biblioteca	Biblioteca	Biblioteca	Biblioteca	Biblioteca	Biblioteca	Biblioteca	Biblioteca	Biblioteca	Biblioteca
LORENA	Infparque	Inflarboreda	Infareeiro	Infparque	Inflarboreda	Infareeiro	Infparque	Inflarboreda	Infareeiro	Infparque
ISABEL	Inflarboreda	Infareeiro	Infparque	Inflarboreda	Infareeiro	Infparque	Inflarboreda	Infareeiro	Infparque	Inflarboreda
VERÓNICA	Infareeiro	Infparque	Inflarboreda	Infareeiro	Infparque	Inflarboreda	Infareeiro	Infparque	Inflarboreda	Infareeiro
BEA	Infparque	Infarboreda	Infareeiro	Zona Norte	Campo fut+carb	Porta patio + pasillos	Patio cuberto	Campo bal.+terra	Campo bal.+zW	Campo fut.+bal.
PAULA	Infarboreda	Infareeiro	Zona Norte	Campo fut+carb	Porta patio + pasillos	Patio cuberto	Campo bal.+terra	Campo bal.+zW	Campo fut.+bal.	Zona Sur
ROCÍO	Infareeiro	Zona Norte	Campo fut+carb	Porta patio + pasillos	Patio cuberto	Campo bal.+terra	Campo bal.+zW	Campo fut.+bal.	Zona Sur	Infparque
ANA RGUEZ	Zona Norte	Campo fut+carb	Porta patio + pasillos	Patio cuberto	Campo bal.+terra	Campo bal.+zW	Campo fut.+bal.	Zona Sur	Infparque	Infarboreda
PABLO	Campo fut+carb	Porta patio + pasillos	Patio cuberto	Campo bal.+terra	Campo bal.+zW	Campo fut.+bal.	Zona Sur	Infparque	Infarboreda	Infareeiro
BEATRIZ	Porta patio + pasillos	Patio cuberto	Campo bal.+terra	Campo bal.+zW	Campo fut.+bal.	Zona Sur	Infparque	Infarboreda	Infareeiro	Zona Norte
JOSÉ CARDESA	Patio cuberto	Campo bal.+terra	Campo bal.+zW	Campo fut.+bal.	Zona Sur	Infparque	Infarboreda	Infareeiro	Zona Norte	Campo fut+carb
DAVID	Campo bal.+terra	Campo bal.+zW	Campo fut.+bal.	Zona Sur	Infparque	Infarboreda	Infareeiro	Zona Norte	Campo fut+carb	Porta patio + pasillos
CARMELA	Campo bal.+zW	Campo fut.+bal.	Zona Sur	Infparque	Infarboreda	Infareeiro	Zona Norte	Campo fut+carb	Porta patio + pasillos	Patio cuberto
MARÍA ONS	Campo fut.+bal.	Zona Sur	Infparque	Infarboreda	Infareeiro	Zona Norte	Campo fut+carb	Porta patio + pasillos	Patio cuberto	Campo bal.+terra
JUAN CARLOS	Zona Sur	Infparque	Infarboreda	Infareeiro	Zona Norte	Campo fut+carb	Porta patio + pasillos	Patio cuberto	Campo bal.+terra	Campo bal.+zW

Os responsables das gardas cada día:

CEIP Santa Baia

Avda. de Compostela 48 - 15930 - Boiro (A Coruña)
Tel.: 881866595| E-mail: ceip.santabaia@edu.xunta.es
www.santabaia.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Chuvia	LUNS	chuvia	MARTES	Chuvia	MÉRCO	Chuvia	XOVES	Chuvia	VENRES
MARIA B. ELENA LUCÍA PILI L. SANDRA DANI AGUSTINA	SUSANA	ANTONIO MARÍA O. BEA DANI BEATRIZ D. Mª ONS J. CARLOS ANA RAMOS	*VERÓNICA*	DAVID SERGIO PILI E. SUSANA PAULINA EVA MARI L. PAULA	SESA	ANA RGUEZ. BOLÍVIA LARA VERÓNICA JOSÉ CARD. MAR CRISTINA CARMELA	PILAR E.	ISABEL LORENA Mª JOSÉ L. PABLO ANA L. GUS DANI ROCÍO	BEA
	LORENA		*MARI L.*		*MARÍA O*		*MARI L*		*CRISTINA*
	ISABEL		*EVA*		*MARÍA B.*		*LORENA*		*EVA*
	VERÓNICA		*SANDRA*		ISABEL		*SANDRA*		*MARÍA O.*
	BEA		PILAR E.		CRISTINA		Mª JOSÉ L.		ELENA
	PAULA		PAULINA		LUCÍA		SUSANA		PAULA
	ROCÍO		SERGIO		Mª JOSÉ L.		PAULINA		MAR
	PABLO		UXÍA		MARÍA ONS		AGUSTINA		AGUSTINA
	ANA RGUEZ		BOLIVIA		JOSÉ CARDESA		ANA L.		ANA RGUEZ.
	BEATRIZ		SESA		MAR		ANA RAMOS		ANTONIO
	JOSÉ CARDESA		ANA L.		ELENA		MARÍA B.		BEATRIZ D.
	DAVID		*LARA*		ANA RAMOS		UXÍA		SERGIO
	CARMELA		LUCÍA		ANTONIO		ROCÍO		BOLIVIA
	MARÍA ONS		CARMELA		PILAR L.		DAVID		JUAN CARLOS
	JUAN CARLOS		PABLO		*LARA*		GUS		PILAR L.

Esta será a distribución das zonas para optimizar as gardas:

ZONAS PATIO

InfAr	Infantil Areeiro	**ZW**	Zona Oeste
InfArb	Infantil Arboreda	**Carb.**	Carballeira
InfParq	Infantil Parque	**ZSPB**	Zona Sur Porta Bus
ZN	Zona Norte	**ZSCT**	Zona Sur Campo Terra
PC	Patio Cuberto	**CFut**	Campo de Futbol
C. Bal	Campos Baloncesto	**Bibilioteca**	Biblioteca

ACLARACIÓNS SOBRE AS GARDAS DE RECREO

Zonas e funcións:

Zonas e funcións:

- **PORTA PATIO E PASILLOS DENTRO**
  - Control de acceso ao centro. Os nenos non poden estar entrando e saíndo.
  - Axudar e atender aos posibles accidentados (banco vermello)
  - Non pode haber nenos, sen mestre, nas aulas.
- **PATIO CUBERTO**
  - Coidar que non se xogue con balóns.
  - Atentos aos baños deste patio. Que non xoguen neles aos nenos.
  - Olladas ao corredor de infantil, non poden pasar ao aparcamento, e controlar que o portal sur estea pechado.
- **CAMPO FÚTBOL + CARBALLEIRA**
  - Controlar que xogue o curso que lle toca.
  - Levar a chave do horto por se lles vai o balón alí.
  - Especial atención aos conflitos do campo de fútbol e aos xogos dos pequenos na carballeira (pedradas, furados na valla que delimita ca casa veciña, paus…).
- **CAMPO BALONCESTO**
  - Especial atención á varanda da rampla de acceso ao pavillón.
  - Controlar entrada ao pavillón.
- **ZONA SUR PORTA BUS**
  - Zona cega para o resto dos Mestres, prestar especial atención a esta garda.
  - Especial atención ao portalón e porta de saída/entrada do alumnado transportado.
- **PATIO INFANTIL**
  - Facer respectar os recunchos de xogo, non deixando que os xoguetes saian da zona que lle corresponde.
  - No patio exterior, especial atención a que o alumnado non lance obxectos fóra do recinto.
- **BIBLIOTECA**
  - Non se pode comer.
  - Hai que ordenar a biblioteca antes de saír.
  - Non pode haber nela alumnado con "castigo".
- **ZONA NORTE**
  - Coidar que non pasen á zona do aparcamento, nin que se suban ás xardineiras ou varandas.
  - Controlar que o portal norte estea pechado.
  - Especial atención á carballeira.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Importante non dilatarse no tempo de acudir ás gardas. Se temos que ausentarnos un momento, que sexa despois de estar no posto, avisando a un compañeiro que se atope cerca.
Calquera incidencia coas quendas, facelo chegar á xefatura.
As posibles incidencias destacables co alumnado durante o recreo, informar aos respectivos titores.
Os Mestres de garda deben coidar a subida ás aulas, tanto na primeira sesión coma á entrada do recreo, mantendo ás dúas filas polas escaleiras para minimizar perigo de empurróns e caídas.
Importante que os accesos ó Centro estean pechados. Especial atención ao alumnado de nee.

Importante que os accesos ao Centro estean pechados. Especial atención ao alumnado denee.
Zonas con balón só no campo de fútbol, baloncesto, voleibol e entre pavillón e ximnasio.
Coidar que non se colguen das varandas.

Responsables da supervisión das actividades extraescolares(gardas de tarde) que se realizan no Centro de 16:00 a 18:00h.

LUNS	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Ana R^{guez}	Pilar López	Gustavo Romero	Dani Vázquez
María Ons	Mª JoséLourés	Lucía Ares	JoséCardesa
Uxía Blanco	Bea de la Torre	Antonio Miragaya	Mar Rodríguez
Ana Ramos	María Basavilbaso	Sergio Somoza	Paulina González
Agustina Caramés	Ana Lojo	VeroMosquera	Bea Durán
PiliEstévez	MariLojo	Cristina Bermejo	Pablo Pena
David Pérez	Eva Castro	Carmela	Juan Carlos
Lara Miguéns	Sesa Novo	Cerecedo	Rocío
IsabelBlanco	Susana	María Otero	Elena
Paula Fernández	SandraMosquera	Lorena Pais	
		Bolivia Insua	

Cadro de gardas para atender ao alumnado de transporte escolar.
O **1** indica garda de **entrada** de o **2** de **saída**:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Eva		**1**	**1**	**1**	**1**
Mar	**1/2**	**1/2**			
Paula		**2**	**2**	**2**	**2**
José C.			**1/2**	**1/2**	
Dani	**2**				**2**
Gus	**1**				**1**

10.- FORMACIÓN DO PROFESORADO

A formación do profesorado constitúese como un dos elementos de calidade do sistema educativo e xa que logo debe ser unha acción prioritaria do profesorado no seu conxunto e do equipo directivo que a impulsará, coordinará e apoiará de xeito preferente.
Ademais de facer chegar a todos os membros do claustro a información sobre todas as actividades formativas das que teñamos coñecemento, este ano continuaremos co**PFPP**no centro, con dúas liñas de

traballo"Convivencia escolar e clima da aula e relación coas familias" e "Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital". Consta de dous apartados:

- **Seminario (20h)**: Introdución ao EVA Edixgal.
  - **Curso (2h):**Edixgal no centro e na casa **(só para nais/pais)**
- **Seminario (20h)**: Inclusión do alumnado NEAE no ámbito escolar.

Ademais, o profesorado asiste, de xeito individual, a diferentes actividades de formación organizadas pordiversos organismos como é o Centro Autonómico de Formación do Profesorado (CAFI)

11.- LIBROS DE TEXTO

Por razóns coherentes e pedagóxicas, desde o Centro non se solicitou o cambio de libros de texto na última convocatoria realizada cada seis anos pola Consellería, para o 3º nivel de primaria.
Continuamos cunha negativa que nos obriga a traballar con textos inadecuados. Continuaremos solicitando a autorización ao cambio.

CURSO	MATERIA	TÍTULO e EDITORIAL	ISBN	LINGUA
1º	MATEMÁTICAS	SABER HACER CONTIGO MOCHILA LIGERA ED18 ED. SANTILLANA.	9788414111109	CASTELÁN
	LENGUA	LENGUA 1º PAUTA PASOS SABER HACER MOCHILA LIGERA. ED18 ED. SANTILLANA	9788468047416	CASTELÁN
	LINGUA	LINGUA GALEGA SABER FACER CONTIGO. MOCHILA LIXEIRA. ED. SANTILLANA	9788491850588	GALEGO
	INGLÉS	AMAZING ROOFTOPS 1CB PK	9780194167154	INGLÉS

CURSO	MATERIA	TÍTULO e EDITORIAL	ISBN	LINGUA
2º	MATEMÁTICAS	SABER HACER CONTIGO MOCHILA LIGERA ED18 ED. SANTILLANA.	9788468047478	CASTELÁN
	LENGUA	LENGUA 2º PAUTA PASOS SABER HACER MOCHILA LIGERA. ED18 ED. SANTILLANA.	9788468047461	CASTELÁN
	LINGUA	LINGUA GALEGA SABER FACER CONTIGO. MOCHILA LIXEIRA. ED. SANTILLANA	9788491850625	GALEGO
	INGLÉS	AMAZING ROOFTOPS 2CB PK	9780194167413	INGLÉS

CURSO	MATERIA	TÍTULO e EDITORIAL	ISBN	LINGUA
3º	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 3º. ED. SM. XERME	9788467553888	CASTELAN
3º	LENGUA	LENGUA CASTELLANA 3º. ED. ANAYA	9788467816822	CASTELAN
3º	LINGUA	LINGUA 3º. ED. ANAYA	9788467820942	GALEGO
3º	CON. MEDIO	CONECEMENTO DO MEDIO 3º. ED. SANTILLANA	9788499720920	GALEGO
3º	INGLÉS	BIG SURPRISE 3 CB ED. OXFORD	9780194516389	INGLÉS
3º	INGLÉS	BIG SURPRISE 3 AB+MROM PK. ED. OXFORD	9780194516228	INGLÉS

CURSO	MATERIA	TÍTULO e EDITORIAL	ISBN	LINGUA
4º	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 4º. ED. SM.	9788467575408	CASTELÁN
4º	LENGUA	LENGUA CASTELLANA, 4º. ED. SM.	9788467575385	CASTELAN
4º	LINGUA	LINGUA 4º. ED. SM.	9788498545265	GALEGO
4º	C. SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS 4º. ED. SM.	9788498545272	GALEGO
4º	C. NATURAIS	CIENCIAS NATURAIS. ED. SM.	9788498545289	GALEGO
4º	INGLÉS	ROOFTOPS 4 AB. ED. OXFORD	9780194503525	INGLÉS
4º	INGLÉS	ROOFTOPS 4 CB. ED. OXFORD	9780194503518	INGLÉS

- O 5º e 6º curso de primaria anexouse ao proxecto eDixgal.

12.- PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Ao longo do curso o equipo de dinamización da biblioteca escolar, mércores de 16:00h a 18:00h, organiza actividades para o alumnado ou alumnado/familias do Centro.
- Desde o departamento de cultura do Concello convídannos a concertos, obras de teatro…
- O departamento de deportes realiza os recreos dos luns, un taller de voleibol no pavillón do Centro. Este curso será a cargo de adestradores do Boiro Voleibol (C.V. Cabo de Cruz).
- Departamento de música organiza a Baia Rock Band(martes) e o ED da Biblioteca o xadrez (xoves) e ambos en conxunto a BaiaRadio (mércores), que se propón desde o Consello dos Nenos. Tamén desde a biblioteca se organiza aos biblioaxudantes e bibliopatio. Extraescolares ocúpase do comando verde.
- O club de baloncesto que leva o nome do colexio, realiza todas as tardes adestramentos no pavillón, nos que se pode inscribir calquera membro da comunidade educativa.
- A Cruz Vermella local, realiza un programa para traballar valores positivos para á sociedade chamado LUDIEDUCA, que se desenvolve de outubro a xuño cunha sesión mensual nos grupos de terceiro nivel.
- Desde o obradoiro de emprego de hostalaría de Boiro, organizan a actividade “Almorzo Saudable” que diriximos ao alumnado de infantil e 1º nivel de primaria. Unha sesión por grupo, de 10:45 a 11:30h.*(pendente de confirmar)*
- Na mesma liña do punto anterior, realizaremos o programa "Froita fresca" en dúas quendas de 10 días lectivos consecutivos. A primeira comeza o 11 de novembro e a segunda o 25 de maio.
- O departamento de deportes, en colaboración cos mestres de EF do Centro, realizan distintas actividades/competicións deportivas intercentros ao longo do curso.Os rapaces a rapazas do colexio participan en distintas actividades deportivas que organiza o concello de Boiro (duatlón, carreiras…) así como nas organizadas polo Deporte en Idade Escolar “XOGADE”. Estas actividades son de carácter voluntario, polo que participan os nenos e nenas que están interesados. Irán acompañados polos mestres de Educación Física e polos mestres de apoio que sexan necesarios.
- Boiro coEduca. Programa organizado e subvencionado polo Concello de Boiro. Tres sesións para un grupo de 4-6ºde primaria e para todos os mestres do centro. Debe realizarse antes do 15 de novembro.
- Espazo Familias. En coordinación con todos os centros educativos boirense realizaranse sesións en horario non lectivo para adultos (sustentado polas ENAPAS do CAFI) e en horario lectivo para alumnado de 5º e 6º de primaria (5 sesións no 2º e 5 no 3º trimestre, a través das subvencións dos contratos-programa). Todo con apoio do Concello de Boiro a nivel infraestructuras (está pendente a partida económica que pode asignarlle)

As distintas conmemoracións e actividades a nivel centro deste curso:

1º TRIMESTRE:

- ***Samaín***

A festa do samaíncelebrarase o 30 de outubro. Este curso, a súa organización correrá a cargo da ANPA. O profesorado colaborará de xeito voluntario na organización da exposición de cabazas e da degustación de produtos típicos.

Obxectivos:

- Celebrar unhaxornada de convivencia da comunidade escolar
- Estimular a creatividade e sociabilidade
- Potenciar o coñecemento do patrimonio cultural, costumes e tradicións

- As ***familias***, que teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores e que de forma progresiva se van incorporando e animando a colaborar nas actividades de lectura, en contadores de contos, , "mochilas viaxeiras" ,… ou simplemente acompañando aos seus fillos/-as á biblioteca, ou agasallándoos cun libro.
- O ***profesorado*** e os diferentes equipos que proporcionan as estratexias necesarias para a adquisición das competencias lingüísticas, para aprender a aprender, motiva para a lectura e a escritura e propón actividades varias. Ademais colabora e participa como axente motivador nas diferentes propostas que se fan ao longo do curso.
- O ***Equipo de Biblioteca,*** formado por profesorado dos diferentes niveis, coordinado por unha persoa responsable da biblioteca escolar, intentando xestionar e dinamizar eficazmente os fondos existentes e dalos a coñecer á comunidade educativa.

Entre os **recursos materiais** están:

- O material curricular do alumnado
- A biblioteca escolar e os fondos bibliográficos e audiovisuais que hai nela ou en préstamo nas bibliotecas de aula.

7- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Para a avaliación utilizaranse enquisas que recollan tanto os aspectos a avaliar como as propostas de mellora.

Valoraranse aspectos como:

- Melloras ao longo do curso na competencia lingüística do alumnado.
- Participación nas diferentes actividades e propostas feitas ao longo do curso.
- Adquisición de hábitos lectores .
- Traballo cooperativo e organización.
- Actividades levadas a cabo .
- Implicación das familias.
- Grao de utilización dos recursos da biblioteca escolar.

- Préstamos realizados ao alumnado e ao grupo clase.
- Incremento de fondos e difusión entre os membros da comunidade escolar.
- Satisfacción do alumnado, do profesorado e das familias.
- Cumprimento dos obxectivos do Plan Anual.
- Tendo todas as aportacións en conta, elaborarase unha memoria onde se recolla o resultado do traballo e as propostas de mellora.

21.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DO AUXILIAR DE CONVERSA

A xefatura de estudos velará polo cumprimento do o horario e da correcta adaptación do auxiliar ás NOF e ao Plan de Convivencia.
O seguimento e avaliación será realizado a través da observación do traballo diario. Este seguimento será responsabilidade dos membros do departamento de inglés do centro, que tamén valorarán a implicación do auxiliar de conversa nos proxectos levados a cabo ao longo da súa estancia no Centro.

22.- CONCRECCIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Documento elaborado, aprobado e enviado á inspección durante o curso pasado.
Procuramos que este plan contribúa á consecución dos seguintes obxectivos xerais:
a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Durante este curso,ademais das propostas no plan (consello dos nenos e caixa de correos da convivencia), poñemos en marcha as xurdidas dos PFPP e dos Contratos-Programa:
- Patios dinámicos.
- Creación espazos no patio do recreo que estimulen a inclusión eunhasociabilización adecuada.
- Accesibilidade cognitiva.

23.- AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE TERCEIRO E SEXTO

Non se veñen realizando as probas de sexto, e se non recibimos instrucións diferentes, este curso tampouco. As probas serán realizadas como sempre no mes de maio, irán destinadas aos nenos de terceiro, segundo a normativa vixente.
Estamos pendentes de recibir as instrucións referidas ao presente curso.
O pasado curso o resultado das probas non foron significativos dada a pouca asistencia do alumnado, menos do 10%.

ANEXOS

Anexo I: PLAN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Anexo II: PLAN DE IGUALDADE

Seguindo a instrución da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa publicada o 6 de setembro de 2019, realizaremos o plan de igualdade do Centro durante este curso, e formará parte dos anexos deste documento no 2020-2021. Mentres tanto, non deixamos de lado o obxectivo de este plan e realizamos anexámonos a actividades como a que presentamos neste Anexo II, neste caso promovido polo concello de Boiro (Boiro CoEduca).

Anexo III: ESPAZO FAMILIAS BOIRO

Consideramos importante dar a coñecer a toda a comunidade educativa este movemento xurdido dos centros boirenses.

Anexo IV: PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

PLAN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

C.E.I.P. SANTA BAIA

Curso 2019-2020

INDICE

1. Xustificación 3
- 1.1. Normativa específica
- 1.2. Marco psicopedagóxico
- 1.3. Contexto

2. O Departamento de Orientación 3
- 2.1. Composición
- 2.2. Reunións

3. Accións prioritarias 4

4. Obxectivos 5
- 4.1. Co alumnado
- 4.2. Co profesorado
- 4.3. Coas familias

5. Planificación Xeral e Temporalización 6

6. Estratexias de intervención 7

7. Recursos 8

8. Criterios de seguimento e avaliación do Plan 8

1. XUSTIFICACIÓN

1.1. Normativa específica.

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de abril).
- Orde do 24 de xullo do 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG do 31 de xullo).
- Circular 10/2010 das Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instruccións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde de 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de educación non universitaria con necesidades educativas especiais.

1.2. Marco psicopedagóxico

Na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), sinálanse, entre outros, os principios de calidade, cooperación, equidade, liberdade, igualdade de oportunidades, non discriminación…

Destácase a equidade garante da igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade.

1.3. Contexto

O noso centro atópase nun dos concellos que forman parte da península do Barbanza, situado o sur-oeste da provincia de A Coruña.

Está adscrito ó IES Nº1 "A Cachada".

Conta con 6 unidades de Educación Infantil e 18 de E. Primaria.

Nº de alumnos/as: 482

Nº de profesores/as: 39 entre os/as que se inclúen dúas profesoras de Pedagoxía Terapéutica, dúas de Audición e Linguaxe, dúas de apoio a E. Infantil e a Orientadora.

Persoal non docente: Unha administrativa, un conserxe, dúas coidadoras e persoal de limpeza.

2. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2.1 Composición

En cumprimento do establecido no artigo 4º do Decreto 120/1998, do 23 de abril, o Departamento queda integrado polas seguintes persoas:

María Eugenia Blanco Aragón:	Profesora especialista en PT
Paula Fernández Martínez	Profesora especialista en PT
Lara Miguéns Salnés	Profesora especialista en AL
Rocío Lence Cordero:	Profesora especialista en AL
María Basavilbaso Gonzalez:	Orientadora, Xefa do Departamento

2.2. Reunións

Celebraranse semanalmente, os martes, en horario de 16:00 a 17:00h, e de modo extraordinario en cantas outras ocasións se considere necesario. Serán destinadas ao desempeño das funcións que lle son encomendadas ao Departamento de Orientación na normativa vixente.

Asemade a Orientadora coordinarase con:

- O profesorado especialista de Pedagoxía Terapéutica e de Audición e Linguaxe sen establecer unha sesión dentro do horario lectivo, pero sempre que sexa necesario realizaranse reunións dentro do mesmo, notificando antes ao xefe de estudos.
- O IES Nº 1 "A Cachada" trimestralmente, e de modo extraordinario en cantas outras ocasións se considere necesario.

3. ACCIÓNS PRIORITARIAS

En base ás instruccións da Circular 10/2010, considéranse accións prioritarias:

1. Relacionadas coa inclusión e a diversidade:
   - Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción titorial.
   - Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
   - Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
   - Asesorar aos departamentos, equipos docentes e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso e/ou ciclo, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
   - Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. Relacionadas coa acción titorial:
   - Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no Plan de Acción Titorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
   - Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

3. Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:
   - Deseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e a resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do Plan de Convivencia do centro.
   - Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

4. Relacionadas co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso:

- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
- Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

5. Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:
   - Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.
   - Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

4. OBXECTIVOS

4.1. Co alumnado

- Realizar o seguimento personalizado do seu proceso de aprendizaxe.
- Favorecer a inclusión e a participación do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Fomentar a transmisión dos valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a igualdade, o respecto e a xustiza.
- Favorecer a solidariedade e a tolerancia con outras etnias e con outros/as nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomentar no grupo de alumnos/as o desenvolvemento de actitudes participativas, tanto no centro como no entorno.
- Favorecer o autocoñecemento e a autoestima.
- Mellorar as habilidades sociais.

4.2. Co profesorado

- Tomar decisións de cara á mellora da orientación educativa.
- Dar resposta axeitada ás NEAE.
- Orientar na realización das adaptacións curriculares.
- Facilitar as aprendizaxes significativas do alumnado.
- Fomentar a formación permanente do profesorado.

4.3. Coas familias

- Contribuír a manter unha relación fluída entre os pais e o profesorado.
- Proporcionar información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Proporcionar información sobre os/as seus/súas fillos/as.
- Promover a súa implicación na acción educativa.
- Favorecer a súa colaboración no fomento entre os/as nenos/as da autorresponsabilidade, da adquisición de hábitos de traballo e estudio, da lectura, etc.

5. PLANIFICACIÓN XERAL E TEMPORALIZACIÓN:

ACTIVIDADES	AXENTES DE REALIZACIÓN
Setembro e Outubro:	
▪ Constitución do Dpto. de Orientación	D.O.
▪ Entrevistas co profesorado con nova titoría, entre o que se inclúe o profesorado de nova incorporación, para proporcionar pautas sobre alumnado con NEAE.	Orientadora
▪ Entrevistas coas familias. Elaboración de resumes.	Orientadora
▪ Ditames de escolarización.	Orientadora
▪ Organización de apoios e reforzos.	D.O. /Orientadora/ Xefe de Estudios
▪ Elaboración do Plan do Departamento de Orientación.	Orientadora
▪ Confección de horarios de atención ao alumnado con NEAE	Orientadora/ Xefe de Estudios
▪ Avaliacións de alumnado.	Orientadora e Profesorado de A.L.
▪ Realización de Informes Psicopedagóxicos	Orientadora
▪ Asesoramento a familias sobre aspectos que poden incidir na mellora do rendemento do alumnado.	Orientadora
▪ Asesoramento ao profesorado sobre aspectos que poden incidir na mellora do rendemento do alumnado	Orientadora/Profesorado especialista de PT/AL
▪ Coordinación da atención ás NEAE coas profesoras de P.T., A.L., as Coidadoras, os equipos docentes e o equipo directivo.	Orientadora
▪ Elaborar materiais destinados á organización e planificación dos apoios visuais necesarios para unha axeitada resposta ás necesidades individuais do alumnado.	Profesorado especialista de PT/AL
▪ Lectura, análise e avaliación dos programas de intervención levados a cabo o curso anterior co alumnado, para unha posterior adecuación de cara ao presente curso.	Profesorado especialista de PT/AL
De Outubro a Xuño:	
▪ Estudio de casos individuais á proposta do/a titor/a ou familia.	Orientadora e titores/as
▪ Asesoramento e colaboración na elaboración das Adaptación Curriculares.	Orientadora/PTs/ALs
▪ Avaliacións de alumnado.	Orientadora e Profesoras de AL
▪ Realización de Informes Psicopedagóxicos e Dictames de Escolarización.	Orientadora
▪ Colaboración co E.O.E. para informes que conclúan en dictames de escolarización, así como, para avaliacións específicas en función das características do alumnado.	Orientadora
▪ Asesoramento sobre formación de profesorado.	Orientadora
▪ Seguimento das medidas de Reforzo Educativo e das Adaptacións Curriculares Significativas.	Orientadora/Profesorado de PT e AL
▪ Asesoramento a familias sobre aspectos que poden incidir na mellora do rendemento do alumnado. Entrevistas e resumes.	Orientadora

▪ Asesoramento a profesorado sobre aspectos que poden incidir na mellora do rendemento do alumnado.	Orientadora/Profesorado de PT e AL
▪ Intervención directa con alumn@s que presentan dificultades de base emocional.	Orientadora
▪ Coordinación da atención ás NEAE coas profesoras de P.T., A.L. a Coidadora, os equipos docentes e o equipo directivo.	Orientadora
▪ Coordinación da intervención do Departamento coas distintas institucións e profesionais que inciden na atención ao alumnado: familias, E.O.E., Consellería de Sanidade e Servicios Sociais e calquera outro profesional que participe na atención aos/ás alumnos/as. Realización de informes.	Orientadora
▪ Coordinación mediante a realización de reunións na intervención do alumnado que comparte escolarización con Centros de Educación Especial (Aspanaes, Amicos..)	PTs/ALs/Orientadora PTs/ALs
▪ Participación nas sesións de avaliación.	Orientadora/PTs, ALs
▪ Realización de informes trimestrais para as familias.	PTs e ALs
▪ Planificación conxunta, co IES Nº1 "A Cachada", do Plan de Transición á E.S.O. para o alumnado de 6º de E.P.	Comunidade educativa
▪ Participación no desenvolvemento de programas que elaboren ou promovan os E.O.E.	Orientadora/PTs eALs
▪ Planificación de actividades e posta en práctica para a Conmemoración do día do autismo (2 de abril).	Orientadora, PTs e ALs
▪ Elaboración de material específico para traballar co alumnado.	PTs e ALs
Pautas de acción terminal. Xuño:	
▪ Elaboración de Informes de Final de Etapa para alumnado con N.E.A.E.	Orientadora
▪ Elaboración de informes individualizados, resume da intervención realizada, co alumnado con n.e.a..e.	PTs/ALs
▪ Aportación de conclusións e recomendacións na Xunta de avaliación final.	Orientadora/PTs/ALs
▪ Elaboración da Memoria de actividades do D.O. (avaliación do programa orientador).	Orientadora
▪ Elaboración da previsión de apoios de cara ao curso que ven, segundo o seguimento, alta e baixas do alumnado ao longo do presente curso.	Orientadora/PTs/ALs

6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A perspectiva da intervención basease nun modelo de asesoramento e concreción de programas segundo demandas, ainda que o Departamento realiza tamén propostas, por iniciativa propia, en función das necesidades detectadas.

As tarefas a realizar distribuiranse segundo os sectores e persoas implicadas considerándose imprescindible actuar dende un marco de corresponsabilidade.

A intervención, por parte do profesorado especialista, co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo realízase fóra da aula ordinaria cando:

- Se utiliza o Programa PASS de Intervención Cognitiva (PPIC) que require, para a súa aplicación, que o alumnado acuda a aula de Pedagoxía Terapéutica un mínimo de dúas sesións semanais[1].
- Se segue tratamento de dislalias e outros trastornos da linguaxe.
- Existe alumnado de necesidades educativas especiais que, para determinadas actividades do programa de intervención, precisa un esforzo de atención e concentración que non conseguiría dentro da aula ordinaria.
- As actividades de apoio programadas interrompen o normal desenvolvemento da clase no grupo de referencia.

No tocante aos apoios que o profesorado, en horario de garda e/ou apoio de nivel, realiza terán lugar dentro da aula, entendéndoos tal e como se recolle no Plan de Atención á Diversidade[2].
A avaliación dos reforzos abranguerá tódalas fases -inicial, procesual e final- na que participarán os distintos axentes que actúan de forma directa ou indirecta; poñendo en común a información aportada respectivamente pola familia, o profesorado e mailo propio alumnado.

7. RECURSOS

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispón o centro, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo recorrer a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programa.

Recursos persoais: orientadora, membros do Departamento, coidadoras, profesorado, familias e profesionais externos.

Recursos técnicos: ordenador, programas informáticos, outros materiais audiovisuais, tests, rexistros, enquisas, fichas, bibliografía.

Recursos económicos: 497.77€ para o 1º Trimestre. O resto do curso pendente do orzamento do ano 2019.

8. CRITERIOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación realizarase ao longo do curso, reflectíndose ao remate do mesmo na memoria do plan de orientación. Tentarase valorar a maneira na que se levou á práctica a programación prevista, atendendo a:

- Obxectivos acadados.
- Accións programadas e adecuación das mesmas aos obxectivos propostos.
- Aspectos positivos e negativos no desenvolvemento do plan.
- Adecuación dos recursos dispoñibles.
- Adecuación da temporalización e horarios.
- Grao de participación e satisfacción da comunidade educativa nas actividades realizadas.
- Observacións e anotacións recollidas das impresións dos titores e titoras.

[1] Segundo se establece no Plan de Atención á Diversidade estas saídas da aula ordinaria deberán coincidir naquelas áreas nas que o alumnado atopa menores dificultades, e en ningún caso cando teñan especialista. Así mesmo establécese que o titor/a porá en práctica as medidas que considere oportunas para que o/a alumno/a non se vexa negativamente afectado por esta circunstancia.

[2] "O traballo de dous profesores/as na aula facilita a atención á diversidade do grupo de alumnos/as. Cando se produza esta circunstancia o profesorado de apoio evitará sentar sempre ó lado dos que teñen dificultades, para que non se estableza unha relación de dependencia ou manipulación do profesorado por parte do alumno ou alumna de que se trate".

BOIRO CO-EDUCA: IGUALDADE CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

DOSSIER INFORMATIVO

PROGRAMA COEDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

RETNOVA ProxectiaConsulting

CONCELLO DE BOIRO

1. MARCO XERAL

O programa Boiro Co-educa: Igualdade contra as violencias machistas enmárcase nas medidas e accións destinadas á erradicación das violencias contra as mulleres e á promoción das relacións igualitarias, de acordo co establecido no Pacto de Estado contra a violencia de xénero para a actuación coa poboación infantil.

Concretamente, propón unha intervención de impacto co alumnado de 4º, 5º e 6º de educación primaria dos centros educativos do concello de Boiro, para a prevención das violencias machistas a partir dos principios da coeducación.

O programa busca introducir e/ou fomentar a perspectiva de xénero traballando conxuntamente co profesorado e co alumnado para rachar cos estereotipos e condicionantes de xénero e para a consecución de recursos básicos para a prevención, identificación e transformación de dinámicas discriminatorias ou condutas de dominio e violencia entre o alumnado.

2. OBXECTIVOS

- Fomentar a incorporación da perspectiva de xénero a través da coeducación nas prácticas docentes e no contido das aulas para previr as violencias
- Traballar co profesorado para a adquisición de coñecementos específicos sobre as violencias machistas, a súa raíz na socialización de xénero e os seus mecanismos de transmisión.
- Fomentar a toma de conciencia sobre a diversidade de xénero, de sexualidade, de modelos familiares, estereotipos e roles sociais
- Desenvolver ferramentas e habilidades que permitan detectar sinais de violencia e discriminación entre o alumnado.
- Detectar estereotipos de xénero e xenófobos, sistemas de crenzas imperantes e dinámicas discriminatorias dentro das aulas.
- Identificar como os estereotipos supoñen unha limitación á liberdade persoal e a calidade de vida de persoas e grupos, traballando especificamente o xeito en que operan os estereotipos de xénero.
- Socializar e fomentar referentes alternativos aos estereotipos imperantes, traballando así para o fomento da inclusión da diversidade.
- Fomentar o desenvolvemento de condutas e habilidades que permitan ao alumnado construír unha vida libre de violencia, recoñecendo as condutas violentas en si mesmos e noutras persoas, e desenvolvendo habilidades persoais de auto-protección.

3. POBOACIÓN DIANA

Alumnado de 4º, 5º e 6º de educación primaria e profesorado dos CEIP do concello de Boiro.

4. ACCIÓNS CONCRETAS A DESENVOLVER

Boiro Co-educa intervén simultaneamente co profesorado e co alumnado co obxectivo dual de promover a incorporación dun enfoque co-educativo por parte das mestras e os mestres no seu labor docente, e fomentar a igualdade de xénero e o establecemento de relacións non violentas entre o alumnado.

4.1 SESIÓNS DE TRABALLO CO PROFESORADO DE PRIMARIA

Realizaranse dúas sesións formativas dunha duración estimativa de dúas horas e media para o profesorado de primaria en cada un dos centros educativos. As sesións están destinadas ao conxunto do claustro dos CEIP, tendo particular importancia a asistencia do profesorado responsable das aulas onde se leven a cabo as accións Boiro Co-educa destinadas ao alumnado.

O traballo co profesorado busca fomentar a incorporación da perspectiva de xénero nas prácticas docentes e sentar as bases para o desenvolvemento de estratexias de coeducación e prevención das violencias machistas propias de cada centro educativo e impulsadas dende o profesorado.

O contido das sesións formativas será:

1ª Sesión: Desigualdade de xénero, discriminación e violencias machistas: orixe e mecanismos de reprodución da desigualdade entre mulleres e homes na infancia.

2ª Sesión: Educar en igualdade: co-educación, afectividade e violencia entre o alumnado. Nesta sesión presentarase, a modo de caso práctico, o traballo a desenvolver co alumnado.

4.2 SESIÓNS DE TRABALLO CO ALUMNADO DE 4º, 5º E 6º DE PRIMARIA

Realizaranse tres sesións dunha hora e media en cada centro educativo , nas que se abordarán as seguintes temáticas a través de dinámicas experienciais e participativas:

1ª Sesión: Socialización de xénero.
2ª **Sesión:** Auto-coidado, emocións e límites persoais.
3ª Sesión: Violencias de xénero na parella.

Estas sesións teñen os seguintes obxectivos:

- Previr e erradicar as dinámicas de violencia e bullying entre o alumnado.
- Fomentar modelos de relacións xustas, equitativas e baseadas nos coidados e o respecto entre o alumnado.
- Fomentar a expresión de emocións, necesidades e desexos, e a identificación dos medos, ameazas e agresións entre o alumnado.
- Fomentar a acción e a no pasividade ante situacións de discriminación ou violencia, entendendo que o silencio perpetúa a violencia e converte en cómplice a quen non actúa para freala.
- Servir de modelo ao profesorado para o deseño de estratexias de prevención e abordaxe das violencias de xénero a través da coeducación.a.

5. Prazo de execución

As accións do programa desenvolveranse entre o mes de setembro e o 15 de novembro de 2019.

Espazo Familias Boiro

1. PRESENTACIÓN DO ESPAZOFAMILIAS-BOIRO

Como algunhas persoas xa coñecedes o ***ESPAZOFAMILIAS*** é unha asociación que xorde dende tres centros escolares de Boiro durante o curso 2018-2019 coa intención de crear un programa de prevención, formación e reflexión para as familias do noso alumnado e de todos aqueles centros do concello que desexasen sumarse.

O obxectivo era tan complexo como caro pero conseguímolo. Os centros escolares sumáronse e o CAFI financiou o 95% do proxecto, o Concello o resto.

O proxecto levouse a cabo co deseño de catro encontros con especialistas en condutas adolescentes nos que familias e persoal vinculado á educación nos encontramos no Auditorio de A Cachada para conversar sobre retos educativos, novas e vellas adicións ou novas formas de relación afectivo-sexual...

Tras a avaliación final concluímos que o programa debe seguir e incluso ampliarse.

2. ALGÚNS DOS NOSOS OBXECTIVOS PARA O CURSO 2019-2020.

Por iso, neste curso 2019-2020 estamos iniciando unha segunda etapa con tres obxectivos básicos.

2.1. **A maior implicación dos centros escolares** .

Durante este mes de xullo convocamos unha reunión na que asistimos todos os centros escolares da vila, así que podemos afirmar con moita satisfacción que, se inicialmente o proxecto xurdiu dende os centros de IES A Cachada, IES Praia Barraña e CPI Santa Baia, agora estamos implicados todos os centros de Boiro.

2.2. **A consolidación do proxecto** .

A avaliación positiva do proxecto realizada polas persoas asistentes obríganos a seguir coa programación dos encontros coas familias. E neso andamos. Durante o verán reunímonos cos profesionais participantes e xa estamos concretando temas e tempos. Seguimos pendentes da confirmación do financiamento do CAFI e a Consellería de Educación a través do proxecto piloto das ENAPAS. Todo parece indicar que será posible pero, de non conseguila, xa estamos a pensar en alternativas como os Contrato-Programas ou a colaboración das ANPAS.

Aínda temos marxe para decidir. Así que vos iremos contando.

2.3 **. A ampliación do proxecto.**

A asociación *EspazoFamiliaS* e as familias implicadas cremos necesario ampliar este programas de prevención ao alumnado. Sentimos que dende a Consellería de Educación non existe un programa de prevención real, limitándose a cubrir esta demanda con iniciativas puntuais, xerais e de irregular resultado como *O Plan Director* onde Garda Civil, Policía, Exército, Protección Civil e DGT, entre outros, imparten charlas; e obrigando aos Departamentos de Orientación e as Xefaturas de estudo a recorrer ao voluntariado de organizacións como a Cruz Vermella. Algo que non nos convence.

Por iso, estamos traballando no deseño dun **PROGRAMA DE INTERVENCIÓN REAL** dentro das aulas no marco do Plan De Acción Titorial que desenvolve cada un dos centros.

(* a seguinte información pode non ser necesaria agora. Valorádeo.)

Este Programa de Intervención conta con tres fases

1. Estudio da realidade do centros con:

a) enquisas anónimas realizadas polo equipo de Psicoloxía do Consumidor da USC.

b) análise de resultados e reunións informativas co Concello e axentes interesados da zona, coas familias e os docentes.

c) deseño do programa de intervencións.

2. Desenvolvemento das intervencións.

- As intervencións serán desenvolvidas por profesionais e especialistas en adolescentes. Neste caso as intervencións serán levadas a cabo pola psicóloga especialista en condutas adolescentes Belén Montesa e o seu equipo. Levan traballando en proxectos similares durante anos, por exemplo en Ames e os seus centros escolares.
- As intervencións estarán dirixidas ao alumando de 5º e 6º de primaria e aos grupos de ESO.
- Serán desenvolvidas dentro das aulas.
- Programadas de forma concentrada. Unha semana por trimestre. Cinco sesións por grupo durante.

3. Devolución de resultados.

Reunión cos equipos directivos e de Orientación coa valoración das intervencións e informacións concretas de casos problemáticos.

**

O financiamento do Programa.

Para o financiamento deste *Programa de Intervención Real* contamos cos dúas posibles vías:

a) **O Concello.**

Durante o verán mantivemos conversas coa nova corporación e, na reunión celebrada a principios de agosto na que presentamos o proxecto, evidenciouse un interese e vontade de cooperación que nos anima a ser optimistas. Estamos pendentes dunha resposta concreta. Se é así, o financiamento do proxecto estaría cuberta.

b) Contrato-Programa.

Se a resposta é negativa ao financiamento do proxecto atoparía unha alternativa nos Contrato-Programa. En *EspazoFamiliaS* estamos a traballar nesta segunda opción. A idea consistiría en que cada un dos centros que conforman *EspazoFamiliaS* solicite un Contrato-Programa na liña de Convivencia. Así, coa suma do orzamento adxudicado a cada programa de cada centro financiariamos, se non todo o Programa de Intervención, polo menos a parte central: ás intervencións dentro das aulas.

3. CONCLUSIÓNS.

En definitiva, podemos afirmar que tras un ano con este proxecto piloto e ilusionante neste curso 2019-2020 ESPAZOFAMILIAS consolídase e amplíase.

- Xa estamos implicados todos os centros.
- Contamos có interese das familias.
- Temos a complicidade da nova corporación municipal.

So faltan dous factores:

- a confirmación do Concello e da Consellería de Educación en materia de financiamento. Se non, buscaremos alternativas menos ambiciosas.
- a vosa complicidade como claustro na promoción, divulgación (insistide nas vosas titorías) e a colaboración cun proxecto no que cremos pero que é tan necesario como complexo.

Moitas grazas.

CEIP Santa Baia
Avda. de Compostela 48 - 15930 - Boiro (A Coruña)
Tel.: 881866595| **E-mail:** ceip.santabaia@edu.xunta.es
www.santabaia.es

Proxectos	Asociacións/Institucións coas que colaboramos
PLAMBE	*BEGA (Bibliotecas escolares de Galicia)*
eDixgal	*Amtega*
Patios dinámicos	*Pfpp / Amicos*
Accesibilidade cognitiva	*Contratos-programa*
Baia Rock Band	*EMB (escola de música de Boiro)*
Erasmus+Ka101	*Programas Europeos*
Seccións bilingües	*EDUlingüe*
Proxecto ELISA	*USC*
Horto escolar	*Voz Natura*
Froita fresca na escola	*FOGGA*
Almorzos saudables	*Obradoiro de emprego Concello de Boiro*
Xuntamos dous mundos	*Centro de Día de Boiro*
Espazo Familias	*Espazo Familias Boiro*
Recollida selectiva	*Callejeros Barabanza, Redace...*
Educación viaria	*Policía Local de Boiro*
Integramares	*Amicos*
Ludi-Educa Boiro	*Cruz Vermella*
Volei no recreo	*CV Cabo de Cruz - BOIRO VOLEIBOL*
Xadrez na biblio	*ED da Biblioteca*

CEIP Santa Baia
Avda. de Compostela 48 - 15930 - Boiro (A Coruña)
Tel.: 881866595| E-mail: ceip.santabaia@edu.xunta.es
www.santabaia.es

Anexo V

Contratos programa 2019-2020

A Lei orgánica 2/2011, de 3 de maio, de educación, no seu Capítulo I Título Preliminar destaca a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación, sendo as administracións educativas, segundo o Título II da citada lei, as que disporán os medios necesarios paraque todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.
O Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado doscentros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, apunta no seu Capítulo VII Artigo 44 de innovación educativa, que a Consellería coa competencia en materia de educación, fomentará ainvestigación e a innovación da resposta educativa, sendo obxectivos disto os ámbitos enunciados nospuntos 2.a) convivencia, 2.c) prácticas de educación inclusiva e 2.e) aqueles outros que redunden namellora da atención á diversidade. Relacionado con isto, a lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu Título I Artigo 3 enuncia os fins da convivencia nos centros docentes, resultando garantes para a nosa solicitude de participación.
Tendo como referente o marco lexislativo exposto que avala a nosa participación e, como continuidade á boa acollida e aos resultados da nosa primeira experiencia cos contratos-programa realizados o curso pasado, cremos necesario ofertar á comunidade educativa a renovación das liñas de actuación comezadas na anterior convocatoria e ampliar unha nova liña partindo das necesidades detectadas e as prioridades reflectidas no actualizado PE do Centro.
A liña **REFÓRZA-T**, axudará a responder a aquel alumnado que procede de familias con nivel sociocultural máis baixo e para os que, dado a diminución de recursos humanos no centro, non existe unha axeitada resposta educativa que parta das súas necesidades individuais e que lles axuden a afrontar o seu proceso de ensino-aprendizaxe.
A liña **IGUÁLA-T**, axudará a reverter actitudes pouco axeitadas observadas no centro relacionadas co xénero, as diferenzas individuais, á competitividade ... e posibilitará ferramentas para a abordaxe neste eido que desde as titorías se realice en actuacións futuras.
A liña **CON-VIVE**, contribuirá á xestión positiva dos conflitos e axudará a potenciar as competencias socio-emocionais do alumnado para conseguir unha resolución pacífica dos conflitos que poidan xurdir na convivencia diaria, posibilitando tamén á súa extrapolación para a vida en sociedade.
A liña **INCLÚE-T** centrada na creación de espazos, dinámicase xogos para todo o alumnado, con especial atención ao alumnado NEE, e no desenvolvemento de estratexias entre o profesorado, axudará a potenciar a socialización e un clima inclusivo no Centro.